

XUNTA DE GOBERNO
Sesión do día 14 de agosto de 2026
-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as dez horas e corenta e cinco minutos do día catorce de agosto do ano dous mil vinte e seis, baixo a Presidencia de *Luis López Diéguez*, Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, *Rafael Domínguez Artime, Luisa Sánchez Méndez, Roberto José Álvarez Carrero, Juan Pablo Castillo Amigo, Jorge Cubela López, Ricardo Martínez Chantada, Manuel Alejandro Lorenzo Alonso, María Pilar Ramallo Vázquez e Jesús Vázquez Almuíña*, co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto Gabriel Rodríguez Alonso, Secretario Acctal., e está presente o Interventor, Antonio Graña Gómez.

Así mesmo, están presentes as deputadas *Paula Bouzós Barros e Belén Cachafeiro Anta* e os deputados *Marcos Guisasola Padín e Javier Tourís Romero*.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.37532.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 7 de agosto 2026.

2.37533.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE VIGO PARA LEVAR A CABO A EXECUCIÓN DA OBRA "HUMANIZACIÓN DA RÚA DOUTOR CARRACIDO". (EXPTE.2026015512)

ANTECEDENTES

- No exercicio das súas atribucións, e ao abeiro da normativa aplicable, a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo desexan establecer as pautas de colaboración para levar a cabo a execución da obra "Humanización da rúa Doutor Carracido".



- Para dar cumprimento ao obxectivo referido no parágrafo anterior, na data 01/06/2026, mediante número de rexistro 2026011879 (completada na data 30/07/2026, mediante número de rexistro 2026015452), o Concello de Vigo remite á Deputación a documentación necesaria para a formalización dun convenio de colaboración entre ambas administracións.
- A estimación económica da totalidade do investimento ascende á cantidade de TRES MILLONS OITENTA MIL NOVECIENTOS NOVENTA E SEIS EUROS CON SETENTA E OITO CÉNTIMOS (3.080.996,78 €) IVE engadido, e propónse que a achega da Deputación sexa de DOUS MILLÓNS CENTO CINCUENTA MIL EUROS (2.150.000,00 €), con cargo á aplicación orzamentaria 2026/942.9420.762.14 e que a achega do Concello de Vigo sexa de NOVECIENTOS TRINTA MIL NOVECIENTOS NOVENTA E SEIS EUROS CON SETENTA E OITO CÉNTIMOS (930.996,78 €), desagregada do seguinte xeito: exercicio 2026: 780.740,43 € e exercicio 2027: 150.256,35 €, con cargo ás correspondentes aplicacións do orzamento municipal.

O orzamento da actuación detállase na seguinte táboa:

Orzamento base de licitación con IVE:	2.805.996,78 €
---------------------------------------	----------------

Estimación de custos asociados á execución da obra:

Contrato de asistencia técnica para a CSS da obra	20.000,00 €
Contrato de Asistencia técnica á Dirección da obra	55.000,00 €
Estimación de custos asociados á condición establecida no artigo 242.4 da LCSP	200.000,00 €

Importe total para o ámbito desta actuación:	3.080.996,78 €
--	----------------

- Revisada polo servizo de Cooperación, a documentación achegada cumpre os requisitos esixidos pola normativa aplicable para a sinatura do convenio.

Na documentación do expediente, no xestor de CIVIDAS, consta a providencia de inicio de expediente de 04/06/2026 (CSV: WAHJK6U9OTY9UB86), o informe de supervisión do proxecto técnico, emitido por persoal técnico do servizo de Cooperación, de 30/07/2026 (CSV: IM3NVHWVRY3N3ANU), o informe do xefe do servizo de Cooperación de 30/07/2026 (CSV: 16EC24C4MPULWUAA) e o informe de Intervención, de fiscalización favorable do expediente, de 31/07/2026 (CSV: 5LYXNC46VLA67LC1), manifestando a existencia de crédito suficiente para facer fronte ao gasto na aplicación 2026/942.9420.762.14 do orzamento provincial.



FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Lexislación aplicable

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), e o seu Regulamento, aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia (LALGA).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFRXEL).
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra .

Consideracións xurídicas

Competencia:

- Artigo 25.2.d) da LRBRL, que atribúe aos concellos o exercicio de competencias en materia de infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade. En concordancia co anterior, a LALGA, ao regular as competencias propias dos concellos, establece no seu artigo 80.2.d) e l) que exercerán, entre outras, competencias en materia de pavimentación de vías públicas urbanas, subministración de auga, alumado público e rede de sumidoiros.
- Artigo 31 da LRBRL, que encomenda ás deputacións que dirixan a súa actividade a asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, recolléndose no seu artigo 36 como competencia propia das deputacións a asistencia e cooperación económica aos concellos. A estes efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da provincia ao conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal mediante calquera fórmula de asistencia e cooperación municipal, para o que poderá outorgar subvencións ou axudas con cargo as seus recursos propios para a realización e mantemento de obras e servizos municipais.



Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigo 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 172 do ROFRXEL, que dispón que o xefe da Dependencia á que corresponda tramitar o expediente deberá emitir un informe, expoñendo os antecedentes e as disposicións legais ou regulamentarias en que funde o seu criterio.
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial para o vixente exercicio, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinalan a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS, que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes se estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.

Procedencia do convenio:

- Artigo 47 e ss. da LRXSP, que dispoñen que os convenios de colaboración constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a cooperación en cuestións de interese común.
- Artigo 57 da LRBRL, que dispón que a cooperación en servizos locais desenvolverase con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante convenios administrativos, en conexión co artigo 195.h) da LALGA.
- Artigo 198 da LALGA, que establece que as entidades locais poderán celebrar convenios de cooperación entre si para a máis eficaz xestión e prestación de servizos da súa competencia. No seu apartado 2º dispónse que, a través dos convenios de cooperación, as partes poderán coordinar as súas políticas de fomento dirixidas a un mesmo sector e distribuír as subvencións outorgadas por unha delas; ademais, o apartado 3º sinala que, en especial, as Deputacións Provinciais poderán subscribir, cos municipios da provincia, convenios para garantir o acceso da poboación ao conxunto dos servizos municipais.
- Artigo 199 da LALGA, que, en consonancia co artigo 49 da LRXSP, sinala as especificacións que deberán conter os instrumentos de formalización dos convenios.
- Artigo 6 da LCSP, que exclúe do seu ámbito de aplicación os convenios de colaboración que celebre a Administración Xeral do Estado coas entidades xestoras e servizos locais, organismos autónomos e restantes entidades públicas, ou os que subscriban estes organismos e entidades entre si, salvo que, pola súa natureza, teñan a consideración de contratos suxeitos a dita lei.
- Artigo 2 da LXS, polo que a achega económica da Deputación de Pontevedra ten o carácter dunha subvención. O artigo 22.2 da LXS sinala que se poderán conceder de forma directa as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos das Entidades Locais, nos termos recollidos nos convenios e na normativa reguladora destas subvencións. Neste senso, a



Deputación, para o desenvolvemento das actuacións que se describen no convenio, ten consignado expresamente no estado de gastos do orzamento provincial do exercicio 2026, dotación orzamentaria na aplicación 2026/942.9420.762.14 e designado como beneficiario ao concello.

- Artigo 28.1 da LXS, que establece que a resolución de concesión e, no seu caso, os convenios a través dos cales se canalicen estas subvencións establecerán as condicións e compromisos aplicables de conformidade co disposto nesta Lei.

Competencia para resolver

Correspóndelle á Xunta de Goberno, de conformidade co disposto no artigo 10.4 da LXS, que sinala que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñan atribuídas tales funcións na lexislación de réxime local, en virtude do establecido nos artigos 34 e 35 da LRBRL e na base 16ª.2 das aprobadas para a execución do orzamento provincial.

CONCLUSIÓNS

En base ás precedentes consideracións e ao interese público que representa esta actuación para a cidade de Vigo, a súa veciñanza e resto de potenciais visitantes da cidade, e aos principios de colaboración e cooperación que se recollen na lexislación vixente, a Deputación Provincial e o Concello de Vigo conveñen a súa colaboración neste ámbito co obxecto de desenvolver un réxime de colaboración entre ambas administracións locais para levar a cabo a execución da obra "Humanización da rúa Doutor Carracido".

Neste senso os convenios de colaboración constitúen o instrumento idóneo para canalizar esta colaboración.

O Concello de Vigo presentou a documentación necesaria para formalizar este convenio e quedan acreditadas no expediente as razóns de oportunidade, a valoración económica das actuacións a desenvolver e o propio obxecto do convenio.

Á vista de que consta no expediente toda a documentación válida para a súa aprobación, así como os informes favorables pertinentes do servizo de Cooperación e da Intervención Provincial, en virtude dos principios de celeridade e eficiencia administrativas, estímase axeitado someter a aprobación deste convenio con carácter previo ao ditame da Comisión informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais, non obstante, condiciónase dita aprobación a que se lle dea conta na primeira sesión que se celebre.



Por todo o exposto, e á vista dos antecedentes e fundamentos de dereitos aplicables, INFORMO FAVORABLEMENTE a tramitación do CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL E O CONCELLO DE VIGO PARA LEVAR A CABO A EXECUCIÓN DA OBRA "HUMANIZACIÓN DA RÚA DOUTOR CARRACIDO".

Este informe non ten carácter vinculante, de feito que o órgano concedente co seu superior criterio decidirá.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- APROBAR o CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL E O CONCELLO DE VIGO PARA LEVAR A CABO A EXECUCIÓN DA OBRA "HUMANIZACIÓN DA RÚA DOUTOR CARRACIDO", cuxo texto literalmente transcrito di como segue:

"CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL E O CONCELLO DE VIGO PARA LEVAR A CABO A EXECUCIÓN DA OBRA "HUMANIZACIÓN DA RÚA DOUTOR CARRACIDO"

En Vigo na data da sinatura electrónica

INTERVEÑEN

Dunha parte, D. Luis López Diéguez, presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, actuando en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Doutra parte, D. Abel Caballero Álvarez, alcalde do Concello de Vigo, no exercicio das competencias que lle atribúe o artigo 124.1 e.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Dan fe da formalización D.ª María Beatriz del Cerro del Río, secretaria da Deputación Provincial de Pontevedra e D.ª Susana Gallardo Fariña, secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo.

Ámbalas dúas partes actúan nas representacións expresadas e recoñécense reciprocamente capacidade bastante para o outorgamento e formalización deste convenio, con base nos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas e, a estes efectos, de común acordo,

EXPOÑEN

I.- A Deputación de Pontevedra e o Concello de Vigo comparten como criterio que os concellos, como administración democraticamente escollida, deben ser os axentes protagonistas e os eidos administrativos aos que ten que corresponder a decisión, o deseño e o impulso da acción local e do



desenvolvemento das políticas locais; ao tempo que, as deputacións, deben actuar como institucións que desenvolvan políticas, plans e actuacións que faciliten que concellos e cidadáns poidan acadaren os mesmos dereitos e servizos.

II.- Que a tales efectos, a Deputación e o Concello de Vigo veñen coordinando as súas competencias mediante a sinatura de protocolos e convenios de colaboración para afondar na cooperación administrativa entrámbalas institucións e, particularmente, na cooperación destinada á planificación e execución de proxectos de interese xeral e infraestruturas públicas, tales coma as referidas aos servizos á cidadanía e infraestruturas deportivas, culturais ou viarias, parques e xardíns, entre outras.

III.- Que ambas administracións locais teñen como obxectivo común satisfacer as necesidades e aspiracións da veciñanza, entre as que se atopa a transformación da contorna urbana mediante o desenvolvemento de proxectos que persigan a mellora das infraestruturas de titularidade públicas.

IV.- O obxectivo deste convenio é seguir mellorando a calidade dos espazos públicos vinculados a mellora da mobilidade urbana da Cidade de Vigo.

V.- Que o artigo 25. 2. d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL) atribúe ás Administracións municipais competencia propia, no que ao presente convenio importa, os encamiñados de forma particular, a infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

Por outra banda, o art. 36.1) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, encomenda ás deputacións o aseguramento da prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal; competencia en relación coa cal a Deputación Provincial de Pontevedra apoia a transformación sostible da infraestrutura viaria dos concellos da provincia.

VI. Que a Deputación Provincial de Pontevedra, nos orzamentos do ano 2026, recolle unha aplicación orzamentaria, no capítulo de transferencias de capital, para convenios co concello de Vigo.

VII.- Que os convenios entre as Administracións Públicas constitúen o instrumento axeitado para desenvolveren a súa cooperación en cuestións de interese común, tal como establecen os artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, o artigo 57 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, os artigos 198 e seguintes da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia, así como co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



VIII.- Que, de acordo coas precedentes consideracións e en desenvolvemento da colaboración entre ámbalas dúas administracións, que contemplan como un dos seus obxectivos estratéxicos a consolidación dunha rede de infraestruturas integradoras, accesibles e abertas para o desfrute dos veciños, o Concello de Vigo e a Deputación de Pontevedra acordan aprobar o presente convenio de colaboración, que asinan os intervenientes con arranxo aos seguintes

PACTOS

PRIMEIRO.- OBXECTO DO CONVENIO

1.- O obxecto deste convenio é establecer as bases para a colaboración económica entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra para levar a cabo a execución da obra "HUMANIZACIÓN DA RÚA DOUTOR CARRACIDO".

2.- O investimento vinculado ao presente convenio atópase definido no proxecto de execución da obra "HUMANIZACIÓN DA RÚA DOUTOR CARRACIDO", foi redactado polo enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos D. Joel Liñares Masid e o arquitecto D. Jesús Aller Mahía, cun orzamento base de licitación máis IVE de DOUS MILLÓNS OITOCENTOS CINCO MIL NOVECENTOS NOVENTA E SEIS EUROS con SETENTA E OITO CÉNTIMOS (2.805.996,78€), e con sinatura dixital do día 14 de outubro de 2025 e aprobado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo na sesión do día 31 de outubro de 2025.

SEGUNDO.- IMPORTE E FINANCIAMENTO

1.- O importe ao que se refire o presente convenio ascende á cantidade de TRES MILLONS OITENTA MIL NOVECENTOS NOVENTA E SEIS EUROS CON SETENTA E OITO CÉNTIMOS (3.080.996,78 €), incluíndo os gastos da execución das obras, así como os gastos asociados á obra en relación á asistencia técnica á dirección da obra e ás asistencias técnicas sobre a coordinación de seguridade e saúde, correspondéndose os seguintes gastos máximos:

O proxecto ten o seguinte importe de execución:

Orzamento base de licitación con IVE:	2.805.996,78€
---------------------------------------	---------------

Estimación de custes asociados a execución da obra:

Contrato de asistencia técnica para a CSS da obra	20.000,00€
Contrato de asistencia técnica a Dirección da obra	55.000,00 €
Estimación de custes asociados a condición establecida no artigo 242.4 da LCSP	200.000,00 €

Importe total para o ámbito desta actuación:	3.080.996,78 €
--	----------------



2.- Obrigas económicas para a Deputación Provincial de Pontevedra:

A Deputación Provincial de Pontevedra comprométese a achegar, para a execución do investimento previsto no obxecto deste convenio, a contía de DOUS MILLÓNS CENTO CINCUENTA MIL EUROS (2.150.000,00 €), desagregados da forma seguinte:

Exercicio 2026	2.150.000,00 €
----------------	----------------

A tal fin, e para garantir a estabilidade do financiamento do convenio, a achega da Deputación Provincial de Pontevedra será financiada con cargo aos créditos da aplicación 2026/942.9420.762.14 e de acordo á execución indicada anteriormente.

3.- Obrigas económicas para o Concello de Vigo:

O Concello de Vigo comprométese a achegar, para a execución do investimento previsto no obxecto deste convenio, a contía de NOVECIENTOS TRINTA MIL NOVECIENTOS NOVENTA E SEIS EUROS CON SETENTA E OITO CÉNTIMOS (930.996,78 €), desagregados da forma seguinte:

Exercicio 2026	780.740,43 €
Exercicio 2027	150.256,35 €

A tal fin, e para garantir a estabilidade do financiamento do convenio, a achega do Concello de Vigo será financiada con cargo aos créditos solicitados no expediente de modificación de crédito - crédito extraordinario- na aplicación 1532.619.00.57, proxecto de gasto 25153257. Non obstante, as devanditas achegas quedarán condicionadas, en todo caso, á aprobación definitiva dos orzamentos xerais do concello para o ano 2027.

4.- Non obstante, calquera variación da anualidade da execución prevista, poderá dar lugar ao reaxuste das anualidades do presente convenio, a cuxo efecto o Concello de Vigo, previa proposta da Comisión de Seguimento do convenio, dará audiencia á Deputación Provincial no expediente que se inicie para o reaxuste das anualidades e da resolución que se dite.

TERCEIRO.- EXECUCIÓN DO CONVENIO

1.- A execución das actuacións e contratos ás que o presente convenio se refire, e o seu financiamento polas partes asinantes, terá lugar durante os anos da vixencia do convenio de acordo coas obrigas de financiamento indicadas no pacto segundo.



2.- As obras serán executadas segundo o proxecto técnico, sen prexuízo da posibilidade de que a Deputación realice as inspeccións que considere convenientes e formule as observacións que estime pertinentes, sen prexuízo de que corresponda en exclusiva ao órgano de contratación e aos responsables dos respectivos contratos a emisión das ordes e instrucións que procedan.

3.- Formalizado, de selo caso, o contrato, ou contratos, de servizos para a contratación de asistencia técnica á dirección das obras e a Coordinación de Seguridade e Saúde, remitirase copia dos mesmos á Deputación Provincial así como dos abonos a conta que en execución dos mesmos se poidan producir.

4.- O Concello de Vigo comunicará á Deputación Provincial a realización de todos os actos públicos de relevancia institucional ou mediática sobre o seguimento da obra, co obxecto de que asista de consideralo procedente un representante da Corporación provincial, en concreto, O Concello deberá comunicarlle á Deputación os actos oficiais relativos ao inicio, execución e finalización do investimento financiado ao abeiro deste convenio. Para estes efectos:

- O Concello comunicarlle á Deputación coa suficiente antelación, polo menos de catro días, a data e mais a hora na que terá lugar a comprobación da implantación, á que asistirá, de considerarse procedente, a Presidencia ou unha persoa representante ou facultativa da institución provincial. Así mesmo, a entidade municipal remitirlle á Deputación un exemplar da acta de comprobación da implantación xunto coa fotografía dos carteis de obra que acrediten a difusión dada ao financiamento outorgado pola Deputación. Os carteis de obra serán colocados no momento da sinatura da devandita acta, axustándose ao disposto no manual de identidade corporativa (<https://www.depo.gal/es/identidade-corporativa>).
- Os facultativos técnicos do Servizo de Cooperación poderán visitar as actuacións en execución. Para isto, e para os efectos de organizar a visita, o Concello comunicaranlle ao citado servizo coa suficiente antelación, polo menos de catro días, cando se acade o 50 % e o 100 % de execución do contrato.
- O Concello comunicarlle á Deputación coa suficiente antelación, polo menos de catro días, a data e mais a hora nas que terá lugar, ao remate da obra, o acto de recepción desta, ao que asistirá, de consideralo procedente, a Presidencia ou unha persoa representante ou facultativa desta. A Administración municipal remitirlle á provincial un exemplar da acta de recepción e certificación da resolución do órgano competente aprobatoria da recepción da obra executada e da certificación final da mesma.



- De ser o caso, o Concello comunicarlle á Deputación coa suficiente antelación, polo menos de catro días, a data e mais a hora nas que se celebre calquera acto público de relevancia institucional ou mediática con motivo do seguimento, difusión, posta en valor ou inauguración da actuación referida, aos que asistirá, de consideralo procedente, a Presidencia ou unha persoa representante da Corporación provincial.

5.- O incumprimento do deber de colocar os carteis de obra ou calquera outra obriga relacionada coa difusión pública e/ou de efectuar as comunicacións relacionadas nos apartados precedentes implicará a imposición de deducións graduadas do modo seguinte:

- O primeiro requirimento implicará unha advertencia.
- O segundo requirimento implicará unha dedución do 5 % da subvención concedida co obxecto de financiar o investimento.
- O terceiro requirimento supoñerá unha dedución do 10 % da subvención concedida para financiar o investimento, que se lle sumará á dedución anterior.
- O cuarto requirimento implicará unha dedución do 15 % da subvención concedida para financiar o investimento, que se acumulará ás anteriores.
- O quinto e sucesivos requirimentos implicarán deducións do 20 % da subvención concedida para financiar o investimento, que se sumarán ás anteriores, e que poderá dar lugar, de ser o caso, á perda total do dereito ao cobro da subvención concedida.

CUARTO.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

O Concello de Vigo asume a licitación, dirección, execución e recepción da obra contempladas na memoria técnica, e a súa xustificación perante a Deputación de Pontevedra.

O Concello de Vigo poderá realizar xustificacións parciais, que responderán ao ritmo de execución das obras, que se aboarán pola contía equivalente á/s xustificación/s presentada/s.

O importe correspondente á/s xustificación/s achegada/s, será reembolsado ao Concello mediante transferencia bancaria, unha vez que conste na Deputación a seguinte documentación:

- Contrato de adxudicación da obra.
- Nomeamento do Director de obra e coordinador de seguridade e saúde.
- Acta de comprobación de implantación.
- Orixinal ou copias compulsadas da/s factura/s expedida/s pola empresa adxudicataria dos traballos realizados.
- Certificación/s de obra executada. Xunto coa primeira certificación se remitirá unha proba gráfica da difusión dada ao investimento que se financia coa axuda da Deputación.
- Certificacións ou actos de aprobación/conformidade dos gastos polo órgano municipal.



Así mesmo, coa finalización das obras, xunto coa última certificación ordinaria, para a liquidación final das actuacións, deberá ser aportada a seguinte documentación:

- Acta de recepción, unha vez rematado o investimento.
- Declaración do conxunto de axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para o financiamento do obxecto deste convenio, das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.
- Informe final do/a Director/a de obra.
Se o informe fin de obra recolle variacións que dean lugar a excesos de medición (liquidacións), este informe acompañarase da certificación final, da correspondente factura e da súa aprobación.
- De producirse a tramitación dun modificado, a certificación expedida pola persoa funcionaria competente de que a súa tramitación foi consonte á Lei de contratos.
- Declaración responsable de non estar a beneficiaria incurso en ningunha das causas previstas no artigo 10.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para ser beneficiaria desta axuda.
- Calquera outra documentación esixible pola normativa vixente para a correcta xustificación deste convenio ou que se considere necesaria para a comprobación da correcta execución do obxecto do convenio.

A/s certificación/s de obra, facturas ou documentos análogos acreditativos do gasto, e o resto da documentación xustificativa, serán verificadas polos servizos técnicos provinciais e fiscalizadas pola Intervención provincial antes de ser aprobadas e pagadas.

Así mesmo, as actuacións realizadas estarán sometidas á comprobación explícita da execución das obras por parte dos servizos técnicos da Deputación Provincial.

A comprobación material do investimento, que se define no parágrafo anterior, é un requisito imprescindible do que debe quedar constancia no expediente xustificativo.

QUINTO.- MODIFICACIÓNS DO PROXECTO

As partes asinantes do convenio, comprométense á estabilidade do financiamento comprometido en base á contratación do proxecto do investimento obxecto deste convenio, e de acordo coa obriga de financiamento para cada unha das administracións en relación ao proxecto de "HUMANIZACIÓN DA RÚA DOUTOR CARRACIDO", polo cal a achega da Deputación Provincial de Pontevedra por importe de DOUS MILLÓNS CENTO CINCUENTA MIL EUROS (2.150.000,00 €), determínase como achega finalista ao convenio, aportando o Concello de Vigo a diferenza ata o importe que se derive da execución final das actuacións obxecto do convenio e de ser o caso se a



execución destas actuacións superaran o importe máximo do convenio será responsabilidade do Concello de Vigo asumir a totalidade dos incrementos que se deriven da execución final deste proxecto.

Se finalmente, a execución da obra prevista tivera un custo inferior ao indicado na adxudicación dos contratos vinculados ao obxecto do convenio, e sempre que isto non supoña unha actuación deficiente do mesmo, a contía das achegas das administracións reducirase proporcionalmente ás cantidades a aportar por cada administración en relación ao importe adxudicado.

No caso de que o Concello non xustifique o gasto realizado en prazo ou execute o investimento subvencionado máis aló do prazo de execución establecido, iniciárase o procedemento de perda de dereito ao cobro, non podendo utilizarse o crédito sobrante para conceder outra subvención ao Concello.

SEXTO.- COMPROMISOS DAS PARTES

O Concello de Vigo obrígase a:

- Financiar a execución da obra obxecto deste convenio, asumindo as obrigas económicas correspondentes segundo os compromisos adquiridos, e de conformidade co previsto nos pactos segundo, terceiro e quinto. A tal fin, dotará os recursos necesarios, na aplicación correspondente, para o financiamento da actuación prevista neste convenio.
- Remitir á Deputación Provincial os proxectos técnicos vinculados co obxecto do convenio, así como de calquera modificación.
- Licitat, executar, controlar e recibir as obras consonte ao correspondente proxecto técnico.
- Contratar, de selo caso, as asistencias técnicas á dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde.
- Obter as correspondentes licenzas e tramitar ante outros organismos as autorizacións pertinentes que fosen precisas.
- Dar a adecuada publicidade a este convenio conforme o pacto sétimo do mesmo, de tal xeito de que quede constancia de que a obra obxecto do mesmo se levou a cabo en colaboración coa Deputación de Pontevedra.
- Compartir coa Deputación de Pontevedra toda a información da que dispoña sobre o avance da obra e sempre antes de facela pública.
- Destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos.
- Comunicar á Deputación de forma inmediata, a obtención doutras subvencións ou axudas para a mencionada finalidade procedentes de calquera administración pública ou ente privado nacional ou internacional, con expresión da súa contía.
- Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden á Intervención Provincial, ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.



Asemade, o Concello de Vigo comprométese ao cumprimento das obrigas contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e en especial as recollidas no artigo 11 da mesma.

Tamén seralle de aplicación o recollido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e no seu Regulamento, aprobado polo Real decreto 887/2006, de 21 de xullo.

Pola súa banda, a Deputación de Pontevedra comprométese a:

- Financiar a execución da obra obxecto deste convenio, asumindo as obrigas económicas correspondentes segundo os compromisos adquiridos, e de conformidade co previsto nos pactos segundo, terceiro e quinto. A tal fin, disporá dos recursos indicados co carácter de achega finalista para a execución da mesma.
- Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas, en cumprimento do disposto no artigo 53 da Lei 40/2015, de Réxime Xurídico do Sector Público, e da Resolución Presidencial núm. 2017008767, de 8 de maio de 2017, tratándose asemade dun convenio cuxas achegas económicas exceden de 600.000,00 €.

SÉTIMO.- PUBLICIDADE

En toda a documentación e información relativas ao obxecto deste convenio incluírase a imaxe corporativa que a este fin faciliten, en todos os formatos, a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo, e nelas figurará de maneira destacada o financiamento da actuación por ambas administracións.

En todo caso, as accións a desenvolver ao abeiro do convenio, deberán garantir un alto impacto e visibilidade da colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra. O concello deberá acreditar a publicidade, e indicar as accións de comunicación realizadas. Para isto, o concello debe:

- Dende o inicio das obras ata a súa total terminación, deberán colocarse os carteis de obra cos logos do mesmo tamaño do Concello de Vigo e o da Deputación Provincial de Pontevedra, que se axustarán ao disposto no manual de identidade corporativa (<https://www.depo.gal/es/identidade-corporativa>).
- Facerse cargo, económica e fisicamente, dos carteis da obra que se realicen e da súa retirada tras a finalización do prazo de garantía ou, en todo caso, tras a comprobación material realizada pola Deputación. Por tratarse dunha obra de infraestruturas ou dotacións, os carteis colocaranse ao carón do acceso principal; no caso de obras na infraestrutura viaria ou no seu subsolo, situaranse ao comezo da vía ou no seu entroncamento coa vía principal. En todo caso, sen prexuízo do anterior, deberán colocarse nun lugar suficientemente visible.



- Aprobar conxuntamente coa Deputación de Pontevedra o contido de calquera outro cartel ou elemento informativo que conteña a imaxe corporativa ou institucional, independentemente do seu tamaño ou situación. A presenza de carteis ou sinais situados no ámbito da obra que conteñan imaxes ou logotipos institucionais deberá ser equitativa ao 50%, independentemente do seu tamaño ou lugar de colocación.
- Aplicar un criterio proporcional e equivalente á colaboración das entidades participantes en calquera placa ou elemento que se coloque para informar da execución da obra unha vez concluída esta.
- Darlle a adecuada publicidade ao financiamento por parte da Deputación de Pontevedra para as actuacións ou os gastos subvencionados sempre que se refiran a esta actuación, en calquera comparecencia pública, rolda de prensa ou intervención nos medios de comunicación, indicando sempre cal é o importe que achega cada institución e que porcentaxe representan os devanditos importes. Do mesmo xeito, esta información deberá recollerse en todos os comunicados ou notas de prensa que emita o Concello e na respectiva páxina web oficial da do Concello de Vigo. A devandita información debe facerse pública de xeito verbal, por escrito ou por medios audiovisuais se fose o caso.
- Asinar de xeito dixital este convenio e, ademais, deberá acompañarse dun acto público de sinatura presencial con convocatoria aos medios de comunicación, garantindo así a necesaria publicidade do acordo. Esta firma presencial correrá a cargo dos máximos dirixentes de ambas institucións -alcalde e presidente provincial-, que estarán acompañados dunha persoa representante do Concello de Vigo escollida libremente polo propio Concello e dunha persoa representante da Deputación Provincial de Pontevedra escollida libremente pola Deputación Provincial de Pontevedra.
- Facer constar en todas as accións de comunicación ou publicidade (carteis, folletos, programas, placas, cartas ou páxina web, entre outras) o apoio da Deputación. Isto farase mediante a inclusión da imaxe corporativa actualizada nun lugar visible.

Correspóndelle ao servizo de Comunicación Institucional da Deputación dar as instrucións que se deben seguir no relativo á identidade corporativa provincial (<https://www.depo.gal/es/identidade-corporativa>).

En todo caso, a publicidade da colaboración entre a Deputación Provincial e o Concello de Vigo deberá realizarse conforme ao manual de identidade corporativa que se atope vixente e publicado na páxina web da Deputación no momento da aprobación do convenio, de tal forma que sirva como documento de referencia á hora de poñer en práctica todas as accións publicidade e difusión que resultan obrigatorias conforme ao actual marco normativo.



O incumprimento do deber de darlle publicidade á subvención concedida, tanto no relativo á colocación dos carteis de obra no momento da sinatura da acta de comprobación de implantación como a calquera outra obriga relacionada coa difusión pública, dará lugar á imposición das deducións que se establecen no pacto TERCEIRO e, no seu caso, á perda do dereito ao cobro da subvención concedida.

Por outra parte, en cumprimento do establecido na resolución de 15 de xuño de 2020, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas e, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento de cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa páxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido nos artigos 20.4 e 20.8.b da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

A falta de previsións concretas, rexerán con carácter supletorio as regras das bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal 2026-2027 (Plan + Provincia 2026-2027), especificamente as previstas para a Liña 1 de investimentos, por ser o Plan de natureza equivalente a este convenio.

OITAVO.- CONFIDENCIALIDADE E PROTECCIÓN DE DATOS

As partes comprométense ao intercambio de datos e información técnica para o cumprimento efectivo de todos os termos deste convenio coas garantías de confidencialidade que en cada caso se requiran e permanecerá exclusivamente no ámbito da relación das partes e do persoal técnico que colabore nas actividades, obrigándose a mantelo en réxime de confidencialidade por prazo indefinido e con independencia da duración do convenio.

Toda a información e documentación intercambiada no marco do convenio será propiedade das respectivas partes.

As actuacións obxecto deste convenio que impliquen o tratamento de datos de carácter persoal deberán respectar na súa integridade a normativa reguladora de protección de datos de carácter persoal.



NOVENO.- COMPATIBILIDADE CON OUTRAS SUBVENCÍONS

A achega económica prevista no presente instrumento, que ten carácter de subvención, será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

Porén, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da contratación subvencionada, para o cal de ser o caso se procederá a minorar proporcionalmente as cantidades a aportar por cada administración en relación ao importe adxudicado.

DÉCIMO.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Para o seguimento e coordinación da execución deste convenio e resolución das dúbidas que poidan producirse na súa interpretación creárase unha comisión integrada por tres representantes de cada unha das Administracións asinantes, un dos cales terá carácter técnico.

Corresponderá á Comisión de Seguimento:

- A puntual recepción de información sobre tódalas actuacións que se produzan na execución dos contratos a que este convenio se refire.
- A coordinación entre as administracións asinantes na execución e financiamento do convenio, ditando ao efecto as instrucións oportunas.
- A resolución das dúbidas que presente a interpretación do convenio e, no seu caso, a emisión de informe se a dúbida ten que ser resolta polos órganos de goberno das administracións asinantes.
- A emisión de informe en relación coa necesidade do reaxuste da anualidade do convenio e en relación con cantas incidencias se produzan na execución do contrato a que este se refire.
- A formulación das propostas que procedan en relación ás cuestións a que os seus informes se refiran.

A Comisión de Seguimento reunirse cando o estime convinte o seu responsable, por decisión propia ou a petición de calquera dos seus membros. As súas reunións terán lugar na sede da Deputación de Pontevedra en Vigo ou na Deputación de Pontevedra, segundo acorden as partes. Na súa reunión constituínte designarase ao responsable da mesma e ao seu secretario, que levantará acta das súas reunións.

DÉCIMO PRIMEIRO.- VIXENCIA

O presente convenio producirá os seus efectos dende a data da súa sinatura e o investimento obxecto deste convenio deberá estar executado e finalizado a límite do 30 de outubro de 2027, fixándose un prazo de xustificación ata o 30 de decembro de 2027.



No caso de imposibilidade de remate das obras ou xustificación nos prazos referidos, as partes poderán acordar a ampliación dos mesmos ata o 30 de setembro de 2028.

No caso de que, por motivos xustificados, ou como consecuencia do axuste das anualidades de execución do contrato, as obras obxecto do presente convenio non estivesen rematadas nesa data, as partes poderán acordar estender súa vixencia, previa emisión do informe da Comisión de Seguimento no que deberá especificar o prazo de prórroga.

No caso de que o Concello non xustifique o gasto realizado en prazo ou execute o investimento subvencionado mais aló do prazo de execución establecido, iniciárase o procedemento de perda do dereito ao cobro, non podendo utilizarse o crédito sobranter para conceder outra subvención ao concello.

DÉCIMO SEGUNDO.- EXTINCIÓN DO CONVENIO

De acordo co previsto no artigo 51 da Lei 40/2015, o convenio extingúirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Serán causas de resolución:

1º.- O transcurso do prazo máximo de vixencia do convenio.

2º.- O acordo unánime dos asinantes.

3º.- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso, notificarase á parte incumpridora un requirimento para que, no prazo que se sinala, cumpra coas obrigacións ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requirimento será comunicado tamén ao responsable da Comisión de Seguimento.

Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará á outra parte a concorrencia de causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá dar lugar a indemnización dos prexuízos causados.

4º.- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

5º.- Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

DÉCIMO TERCEIRO.- RÉXIME XURÍDICO

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e o Real decreto 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei



38/2003 e do Real decreto 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de execución dos orzamentos das Administracións asinantes; a Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

O Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra comprométense a resolver de maneira amigable calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento deste convenio. Con todo, e no caso de aparición de discrepancias que non puideran resolverse a través da Comisión de Seguimento, será competente a Xurisdición Contencioso- Administrativa.

E en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan o presente convenio na data da sinatura electrónica.

O alcalde-presidente do Concello de Vigo, Abel Caballero Álvarez
A secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, Susana Gallardo Fariña
O presidente da Deputación de Pontevedra, Luís López Diéguez
A secretaria da Deputación de Pontevedra, María Beatriz del Cerro del Río"

A sinatura do convenio queda condicionada á aprobación do seu texto polo órgano competente do Concello de Vigo.

- FACULTAR ao presidente para formalizar o citado convenio mediante a súa sinatura.
- DAR TRASLADO do presente acordo ao Concello de Vigo, á Intervención, ao Servizo de Cooperación, ao Gabinete da Presidencia e ao Gabinete de Prensa.

3.37534.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE O GROVE, AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA 2026-2027 LIÑA 1-INVESTIMENTOS (ANUALIDADES 2026-2027), CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO "MELLORA DA REDE DE INSTALACIÓNS E SEGURIDADE PEONIL NA TRAVESÍA DA PLATERÍA E RÚAS RAPETA, PERALTO, PATELA, CONCEPCIÓN ARENAL, MONTIÑO E OUTEIRIÑO". (EXPTE.2026027499)

ANTECEDENTES

- O Pleno da Deputación, na sesión do día 26/12/2025, mediante acordo núm. 4.8555, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan + Provincia 2026-2027), en adiante Plan + Provincia 2026-2027, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 02/01/2026.



- Mediante resolución presidencial núm. 2026000127 de data 14/01/2026 aprobouse a repartición total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.
- En data 06/04/2026, mediante rexistro WEB2026028977, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan +Provincia 2026-2027, petición do Concello de O Grove na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu na repartición unha subvención, por importe de 487.489,78 euros, co obxecto do financiamento do investimento "*Mellora da rede de instalacións e seguridade peonil na travesía da Platería e rúas Rapeta, Peralto, Patela, Concepción Arenal, Montinho e Outeiriño*" (Expte.:2026027499), cun orzamento polo mesmo importe quedando configurada a petición tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Anualidade/s	Orzamento	Subvención Plan +Provincia 2026-2027	Achegas doutros administracións	Fondos propios do Concello
2026	254.811,12 €	254.811,12 €	0,00 €	0,00 €
2027	232.678,66 €	232.678,66 €	0,00 €	0,00 €
TOTAL	487.489,78 €	487.489,78 €	0,00 €	0,00 €

- En datas posteriores, o concello subsana a documentación presentada inicialmente.
- O concello remite escrito no que indica que o proxecto técnico está pendente da súa aprobación por precisar da conformidade á declaración responsable de Augas de Galicia.
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 e achega a documentación que se recolle na base 29ª, contando co informe favorable do persoal facultativo técnico do servizo de Cooperación.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).



- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027.
A Xefa de xestión administrativa do Centro Príncipe Felipe en data 14/07/2026 informa (csv NED3EXURALFL6QF) que: “considérase suficiente e razoada a xustificación presentada pola empresa DARLIM SL, na que se achega información da que se deduce que o importe ofertado para os Lotes 1 e 2, non se levou a cabo unha rebaixa de prezos cos cales incorra en incumprimentos legais e coa única finalidade de resultar adxudicataria dun contrato público.



Conclúese que a oferta presentada pola empresa – Lote 1 e 2, segundo o previsto no artigo 149 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, considérase xustificada no referente ao prezo ofertado, non considerándose desproporcionada ou anormalmente baixa “.

A continuación procédese a valoración das ofertas admitidas, de conformidade cos criterios de valoración automática previstos no prego administrativo, sendo as puntuacións totais finais as que constan no informe emitido polo xefe do servizo de Contratación co (csv: 85MAIQZBGXSXI8NR).

A Mesa de Contratación, na súa sesión do día 17 de xullo de 2026, presta conformidade ao informe da xefa de xestión administrativa do Centro Príncipe Felipe, sobre a xustificación da baixa temeraria presentada por Darlim (lotes nº 1 e 2), e procedeu á clasificar por orde decrecente as ofertas recibidas e, en base á dita clasificación, propor ao órgano de contratación que, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, procederá á adxudicación do contrato as seguintes empresas:

Lote nº 1	Darlim B36612562	Importe sen IVE: 29.037,03€
Lote nº 2	Darlim B36612562	Importe sen IVE: 12.773,60€
Lote nº 3	Irago Exclusivas y Distribuciones SA. A36027092	Importe sen IVE: 10.783,97€

Mediante Resolución Presidencial número RP 2026005973 de data 22 de xullo de 2026, o órgano de contratación acepta a proposta da Mesa de Contratación de data 17 de xullo de 2026, de adxudicar o contrato, sempre e cando cumprimente correctamente a documentación establecida no artigo 150.2 da Lei de Contratos do Sector Público e nos pregos reguladores do procedemento, ás empresas: Darlim S.L.U. B36612562 (lotes nº 1 e 2), e Irago Exclusivas y Distribuciones SA. A36027092 (lote nº 3).

As empresas propostas presentaron a documentación correspondente ao requirimento a través da sede electrónica da Deputación de Pontevedra, Rexistro entrada 2026015363 de data 29/07/2026 (Irigo Exclusivas y Distribuciones SA. A36027092) e Rexistro WEB2026062737 da data 04/08/2026 (Darlim B36612562) cumprindo cos requisitos establecidos nos pregos e no requirimento, quedando, polo tanto, debidamente acreditados os requisitos de capacidade e solvencia. Asemade, consta no expediente a constitución da garantía definitiva, polos seguintes importes:
Lote nº 1: 2.287,74€ carta de pago número 12026000157213 de data 27/07/2026.
Lote nº 2: 1.044,93€ carta de pago número 12026000157211 de data 27/07/2026.
Lote nº 3: 729,22 € carta de pago 12026000162069 de data 04/08/2026.



Tendo en conta os artigos 150 e 151 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo os cales, recibida a documentación á que se refire o apartado 2 de artigo 150, o órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes. A resolución de adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de 15 días naturais. Na notificación indicarse o prazo no que debe procederse á formalización do contrato.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministración cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Adxudicar mediante procedemento aberto o contrato de subministración de produtos de droguería, limpeza e lavado para o Centro Príncipe Felipe da Deputación de Pontevedra, de acordo co seguinte detalle:

DARLIM SLU (B36612562):

Lote nº 1 PRODUTOS DE DROGUERÍA, ASEO PERSOAL E LIMPEZA, DE CARÁCTER NON INDUSTRIAL

ARTIGO	DESCRIPCIÓN DO ARTIGO OFERTADO (CARACTERÍSTICAS E ESPECIALIDADES TÉCNICAS)	UNIDADES ESTIMADAS	PREZO UNITARIO (SEN IVE)	PREZO TOTAL (SEN IVE)
OFERTADO/MODELO/ MARCA/ REFERENCIA				
J15504	SUMA LIGHT D1.2. 2 LTS. lavavajillas manual de uso general	380	2,21 €	839,80 €
Q04009	JABON NATURAL 3 PASTILLAS x 250grs	11	2,93 €	32,22 €
Q05035	PASTILLA LAVAVAJILLAS MAQUINA LAGARTO CAJA 40 UND	225	4,00 €	900,00 €
Q09019	DESENGRASANTE ECOLÓGICO 750 ML Pistola desengrasante eco	280	1,50 €	420,00 €



Q01012	DAMALIM MARSELLA 1,5 LTS - Fregasuelos neutro perfumado	11	0,57 €	6,23 €
Q03048	BIOFRESH BAC H-106 1 LTO - limpiador general desinfectante	11	2,25 €	24,73 €
W00626	LIMPIADOR VITROCERAMICA FROGGY 500ML	11	3,41 €	37,54 €
Q09028	LIMPIACRISTALES ECOLÓGICO PROFESIONAL 750 ML	4	0,94 €	3,78 €
E01007	CUBO PLASTICO C/ESCURRIDOR 13 LTS.	27	1,79 €	48,26 €
U05018	RECOGEDOR POLVO	11	0,81 €	8,94 €
U05003	ESCOBA DARLIM SIN MANGO	13	1,08 €	13,98 €
T03005	FREGONA PROFESIONAL Nº10 250 GR	22	0,88 €	19,29 €
U08010	PALO ALUMINIO ANODIZADO ESTRIADO DOBLE ROSCA AZUL 1,40 06026	26	1,21 €	31,53 €
U01007	NANAS INOX GIGANTE 40 GRS.	90	0,28 €	25,25 €
U04014	SALVAUÑAS DAMALIM 14X7 cm.	10	0,26 €	2,58 €
U04003	ALMOHADILLA CORTADA SCOTCH BRITE Nº 96 (16X19) - PAQUETE 15 UDS.	100	9,90 €	990,00 €
T05057	BAYETA MICROFIBRA PARA LIMPIAR SUPERFICIES 50X50 CM	200	0,60 €	120,00 €
T05010	PAÑO COCINA SARGA AZUL 45x40	60	0,34 €	20,69 €
B04048	ROLLO PAPEL HORNO DOMESTICO ANCHO 30CM X8MTS	11	0,63 €	6,94 €
B04004	PAPEL ALUMINIO DOMESTICO 30 MTS	16	1,84 €	29,44 €
BA0019	PAPEL FILM ALIMENTARIO 30X30MTS	10	0,74 €	7,38 €
QA0007	SUAVIZANTE 2 LTS. PAQ. 6 UND. - suavizante liquido	23	1,14 €	26,16 €



QA0003	DETERGENTE ALIN 65+10 CACITOS detergente en polvo	30	4,20 €	126,00 €
v06203	AMBIENTADOR COLGADOR COCHE FRUIT	22	1,74 €	38,23 €
Q06020	AMBIENTADOR AEROSOL 405 cc	27	1,09 €	29,36 €
Q08053	MATA MOSCAS ZZ PAFF 1.000 CC.	6	2,69 €	16,13 €
B03335	VASO CARTON BLANCO 4 OZ 120 ML - CAJA 1000 UDS.	10	11,60 €	116,00 €
B03336	VASO CARTON BLANCO 7	5	13,51 €	67,55 €
	OZ 210 ML - CAJA 1000 UDS.			
B03337	VASO CARTON BLANCO 8 OZ 240 ML - CAJA 1000 UDS.	10	21,20 €	212,00 €
B03337	VASO CARTON BLANCO 8 OZ 240 ML - CAJA 1000 UDS.	5	21,20 €	106,00 €
B03416	VASO CAFE PAPEL 12 OZ - CAJA 1000 UDS	5	34,00 €	170,00 €
B03418	TAPA NEGRA VASO CAFE PAPEL 7 OZ - CAJA 1000 UDS	5	21,28 €	106,38 €
B03427	TAPA PARA VASO 8 OZ - CAJA 1000 UDS.	5	19,47 €	97,34 €
B03419	TAPA NEGRA VASO CAFE PAPEL 12 OZ - CAJA 1000 UDS	5	24,46 €	122,28 €
B05039	SALSERO PET TRANSP 30ML PAQ 50 UDS	100	0,85 €	85,00 €
G00118	PORTAVASOS CARTON PARA 4 VASOS caja 300 UND	2	30,00 €	60,00 €
G00119	PORTAVASOS CARTON PARA 2 VASOS CAJA 230 UND	2	17,50 €	35,00 €
B03302	PLATO CAÑA AZUCAR 22 CM PAQ. 50 UND	35	2,78 €	97,23 €
B03301	PLATO CAÑA AZUCAR 18CM PAQ. 50 UND	6	1,76 €	10,55 €
B03324	TENEDOR FIBRA MAIZ REUTILIZABLE 16,6 CM. PAQ. 50 UND.	6	1,67 €	10,01 €
B03323	CUCHARA FIBRA MAIZ REUTILIZABLE 16,6 CM. PAQ. 50 UND.	6	1,67 €	10,01 €
B03326	CUCHARA DE POSTRE FIBRA MAIZ REUTILIZABLE 12 CM. PAQ. 50 UND.	180	0,78 €	140,18 €



B03329	CAÑA PAPEL RECTA 20CM NEGRA PAQ. 100 UND	3	0,77 €	2,30 €
B03194	BANDEJA CON ASAS ORO 38X24+2CM PAQ 25 UDS	10	10,35 €	103,50 €
B01015	B. BASURA 85X105 NEGRO Galga 100 Rollo 10 Bolsas AD	32	0,65 €	20,65 €
B01039	B. BASURA DAMAPLAST 52X60 NEGRO Galga 90 Rollo 25 Bolsas BP	11	0,53 €	5,78 €
B02004	B. CAMISETA RECICLADA 35X45 Galga 200 PAQ. 100 UDS	3240	0,04 €	125,55 €
B02003	B. CAMISETA RECICLADA 48X59 GALGA 200 PAQ. 50 UDS.	5400	0,07 €	351,00 €
B03373	BOLSA DE PAPEL SIN ASA KRAFT (BOCADILLO) 17+7x25 CAJA 1000 UND	24	16,00 €	384,00 €
C09013	SERVILLETA TISSUE 30X30 2C BLANCO PAQ 100UDS	1600	0,75 €	1.200,00 €
C10038	SERVILLETA 20X20 BLANCA caja 6000 UND	400	0,40 €	160,00 €
C10008	SERVILLETA 20X20 PP 2C NEGRO caja 3200 UND	200	0,76 €	152,00 €
c09015	SERVILLETA MINISERVIS TISSUE caja 14000 UND	4	24,00 €	96,00 €
C08002	PAÑUELOS PAPEL BOLSILLO PAQ. 10X10 UND	100	0,67 €	67,25 €
C08003	PAÑUELOS PAPEL ALOYA,S PAQ. 100 UND	432	0,58 €	248,40 €
v06072	CHAMPU JOHNSON CAMOMILLA 500 ML	40	2,19 €	87,50 €
v06053	CHAMPU HUEVO GENIOL 750 ML	10	1,74 €	17,40 €
v06130	NENUCO JAB. LIQ. ALOE 650ML	90	3,24 €	291,38 €
V06160	SYOSS RIZOS PRO 750ML	32	2,49 €	79,60 €
V06161	NENUCO CHAMPU EXTRASUAVE 500ML	65	3,49 €	226,69 €
V06074	CHAMPU ANTICASPA FRUCTIS 360 ML	100	3,44 €	343,75 €
V06059	CHAMPU FRUCTIS PEPINO 360ML -cabellos grasos	334	2,99 €	998,66 €
V06162	FRUCTIS ADIOS DAÑOS 380ML	60	2,99 €	179,40 €
V06163	SYOSS ACONDICIONADOR RIZOS 250ML	4343	2,55 €	109,65 €



V01033	REVLON FLEX ACONDICIONADOR 650ML	43	2,90 €	124,70 €
V06119	MASCARILLA CAPILAR ADIOS DAÑOS 300ML	160	3,00 €	480,00 €
V06166	GIORGI ESPUMA RIZOS MARCADOS 250ML	22	2,86 €	62,98 €
V06167	TRESEMME SPR.PROTECTOR CALORI200ML	22	3,24 €	71,23 €
V06168	PANTENE ACEITE REPARA Y PROTEGE 100ML	22	7,49 €	164,73 €
V06169	AZALEA CERA PEINADO 100ML	15	3,11 €	46,69 €
V01035	GIORGI GEL FIJADOR EXTREM CONTROL 150ML	30	2,79 €	83,70 €
V06170	GOTITAS DE ORO CH.ANTIPIOJOS 500ML	11	4,61 €	50,74 €
V06121	LOCION ZZ ANTIPIOJOS 100 ML	54	5,36 €	289,58 €
V06171	ZZ PACK LOCION 100ML+CH PIOJOS	108	7,49 €	808,65 €
H10022	LEINDRERA METALICA	15	8,99 €	134,85 €
V06172	BETER LENDRERA PLASTICA 12006	11	1,11 €	12,24 €
V06057	GEL SANEX 600ML	108	2,36 €	255,15 €
V06174	SANEX GEL UREA 600ML	108	2,36 €	255,15 €
V06173	MUSTELA GEL BAÑO SUAVE 750ML	54	11,89 €	642,06 €
V06175	ESPONJA MUNDO FLORAL CUIDADO BEBE	22	0,56 €	12,38 €
V06095	ESPONJA JABONOSA BAÑO PAQ. 24 UND	162	1,36 €	220,73 €
V06176	LACTOVIT LECHE REAFIRMAN 400ML	32	3,74 €	119,60 €
V06177	BABARIA MILK HIALURONICO 400ML	180	3,40 €	612,00 €
V06178	MUSTELA HYDRA BEBE CUERPO 500ML	19	11,49 €	218,31 €
V06179	BIOGLOW ALMENDRAS DULCES 200ML	22	2,84 €	62,43 €
V06180	KILL PAFF REPELENTE 3EN1 100ML	27	2,63 €	70,88 €
V06079	AFTERSUN ECREAN 400ML	27	5,60 €	151,20 €
V06080	PROTECTOR SOLAR FACTOR 30 SPRAY BABARIA 200 ML	4	10,95 €	43,80 €



V06048	PROTECTOR SOLAR SPRAY BABARIA FACTOR 50 200ML	108	12,10 €	1.306,80 €
V06181	ISDIN PEDIATRICS GEL CREAM FACTOR50 250ML	11	11,95 €	131,45 €
V06182	ISDIN BABYNATURALS FACIAL 50ML	11	8,99 €	98,89 €
V06183	BABARIA GEL LIMPIADOR FACIAL 150ML	11	3,38 €	37,13 €
V06156	NIVEA CREMA LATA 75ML	11	1,56 €	17,19 €
Q06058	JABON MANOS AVENA DAMALIM 500 ML.	49	0,68 €	33,38 €
V06096	LIPOSAN LABIAL BLISTER AZUL	2	1,99 €	3,98 €
V06122	DODOT SENSITIVE CARRY PACK T0 58UDS	1300	0,26 €	341,25 €
V06123	PAÑALES DODOT ETAPA 1 (Peso 2-5 kg) PAQ 58 UDS	1080	0,22 €	237,60 €
V06081	PAÑALES DODOT ETAPAS 2 (Peso 3-6 kg) paq 58	3120	0,23 €	717,60 €
V06082	PAÑALES DODOT ETAPAS 3 (PESO 4.10KG) PAQ 62 uNDS	3500	0,32 €	1.120,00 €
V06083	PAÑALES DODOT ETAPAS 4 (PESO 9-15KG) PAQ. 58UND	2268	0,36 €	816,48 €
V06084	PAÑALES DODOT T5 (PESO 13-18 KG) PAQ. 54 UND	3240	0,38 €	1.231,20 €
V06107	PAÑALES DODOT T6 (PESO + 13KG) PAQ. 48 UND	6480	0,42 €	2.721,60 €
V06124	PAÑALES PANTS T5 (PESO 12-17KG) 30 UDS	108	0,39 €	42,12 €
V06184	PAÑALES BRAGA 8-15 SUPER ABSORBENTE	324	0,98 €	317,52 €
V06125	PAÑALES BAÑADOR TALLA3-4 (PESO6-11KG) 12 UDS	108	0,54 €	58,32 €
V06126	PAÑALES BAÑADOR TALLA 4-5(PESO 9-15KG) 10 UDS	108	0,60 €	64,80 €
V06127	PAÑALES BAÑADOR TALLA 5 (PESO 12-17 KG) 30 UDS	162162	0,70 €	113,40 €
V06131	EMPAPADOR INTIMUS SUPER 60x90 CAJA 75 UDS	162	0,20 €	32,40 €
V06086	TOALLITAS BEBE BABY BEA PAQ. 80 UND	756	1,42 €	1.073,52 €
V06185	VITESSE TOALLITA DESMAQUILLA 25UD	11	1,86 €	20,49 €
V06186	BEL DISCO REDONDOS PUREPLUS 70UD	6	0,63 €	3,75 €



V06187	AGUA MICELAR BABARIA ROSA 400ML	9	2,94 €	26,44 €
V06002	CEPILLO DENTAL	450	0,55 €	247,50 €
V06085	CEPILLO DENTAL PIERROT INFANTIL	130	1,45 €	188,50 €
V06188	CEPILLO DENTAL KIDS MARIO	10	3,36 €	33,63 €
V06003	CREMA DENTAL BIANCORIL 75 ML.	420	0,65 €	274,04 €
V06189	VITS GEL KIDS 50ML	108	1,79 €	193,32 €
V06091	PASTA DE DIENTES INFANTIL LICOR DEL POLO 75 ML	108	1,61 €	174,15 €
V06110	ENJUAGUE ORAL ROJO PROTECCION DE ENCIAS 500ML	6	0,92 €	5,55 €
V06190	PHB ENJUAGUE BUCAL JUNIOR 500ML	6	2,49 €	14,94 €
V06017	DESODORANTE ROLLON UNISEX SANEX 50 ML.	180	1,74 €	312,75 €
V06013	DESODORANTE BABARIA SPRAY 200 ML.	23	2,24 €	51,46 €
V06191	DESODORANTE BABARIA DEO SPRAY PIES 150ML	22	2,24 €	49,23 €
V06088	COMPRESA EVAX FINA Y SEGURA CON ALAS PAQ. 12 UND	43	1,74 €	74,71 €
v06089	COMPRESA EVAX FINA Y SEGURA SIN ALAS PAQ. 16 UND	22	1,88 €	41,25 €
v06068	COMPRESA AUSONIA CON ALAS PAQ. 14 UND	22	1,94 €	42,63 €
v06089	COMPRESA EVAX FINA Y SEGURA SIN ALAS PAQ. 16 UND	11	1,88 €	20,63 €
V06192	AJAX LIBERTY NORMAL C/ALAS 12 UDS	22	3,11 €	68,48 €
V06146	COMPRESA AUSONIA AIR DRY NOCHE ALAS 8UD	11	1,99 €	21,86 €
V06145	CAREFREE PROTEC TRANSP 40+4U	20	1,99 €	39,75 €
V05008	TAMPON SUPER COMPACK PEARL REGULAR 16U	22	3,49 €	76,78 €
V05008	TAMPON SUPER COMPACK PEARL REGULAR 16U	22	3,49 €	76,78 €
V06194	TAMPON COMPACK PEARL SUPER PLUS 16U	22	3,49 €	76,78 €
V06039	CORTAUÑAS MEDIANO 8 CM	16	1,28 €	20,40 €



V06194	CORTAUÑAS LARGO 12 CMS	16	1,61 €	25,80 €
V06195	QUITAESMALTE BABARIA 200ML	11	1,49 €	16,39 €
V06023	CEPILLO UÑAS CON ASA REF. 131	6	0,70 €	4,20 €
V06195	PEINE BOLSILLO 13CM DISNA UNAS CU-131	27	1,69 €	45,56 €
V06196	PEINE BOLSILLO 19 CM DISNA UÑAS PE-19	40	1,69 €	67,50 €
V06197	PEINE BETER CEPILLO REONDO CERDA 23CM	60	4,11 €	246,75 €
V06093	PEINE DE BOLSILLO BETER	11	0,89 €	9,79 €
V06198	GOMA DE PELO BETER COLETERO CLASICO NEGRO 6UDS	22	0,18 €	3,96 €
V06199	PINZA DEPILEAR DISNA	11	2,10 €	23,10 €
V06044	CREMA DEPILATORIA 200 ML.	16	4,60 €	73,60 €
V06026	MAQUINILLA DESECHABLE LEA 2 HOJAS 5 UND.	38	0,61 €	23,18 €
V06027	ESPUMA DE AFEITAR LEA 250 ML	11	1,40 €	15,40 €
V06094	AFTER SHAVE LOCION NIVEA	4	4,60 €	18,40 €
V06200	VASELINA GEL REPAIR 100ML	11	1,60 €	17,60 €
V06064	COLONIA NENUCO 650ML	11	3,60 €	39,60 €
V06201	VANDERBILT MINUIT AGUA COLONIA 100ML	11	6,90 €	75,90 €
V06202	ADIDAS PURE GAME AGUA COLONIA 100ML	11	6,48 €	71,28 €
V06021	BASTONCILLOS STAR COTT 100 UND.	9	0,44 €	3,96 €
V06097	BASTONCILLO STAR COTT 50 UDS	9	0,40 €	3,60 €
V06010	PRESERVATIVOS PREVEX 12 UNID.	43	1,51 €	64,93 €
IMPORTE TOTAL OFERTADO (SEN IVE)				29.037,03 €
21% DE IVE				6.097,77€
TOTAL IVE ENGADIDO				35.134,80€



DARLIM SLU (B36612562):

Lote nº 2: PRODUTOS DE LAVADO PARA COCINA, CAFETERIA E SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

Artigo Ofertado/ Modelo/Marca/ Referencia	Descrición do artigo	Prezo unitario sen IVE	Unidades Estimadas	Prezo total sen IVE
j24000	SUMA REVOFLOW SUMA MAX PI 4,5 KGS. detergente lavavajillas aguas blandas con cloro	43,00 €	18	774,00 €
j24001	SUMA REVOFLOW PERFECT 4 LTS. - Abrillantador neutro -	45,00 €	18	810,00 €
j14121	SUMA SCALE 5 LT.. desincrustante lavavajillas	14,20 €	2	28,40 €
j14101	SUMA ULTRA L2 20 LTS. detergente lavavajillas alcalino	51,00 €	4	204,00 €
j14102	SUMA ULTRA L2 5 LT. Lavavajillas maquina concentrado	10,00 €	30	300,00 €
j14112	SUMA RINSE A5 5 LT. abrillantador neutro	21,00 €	13	273,00 €
j32003	SUMA AUTO OVEN 2 EN 1 DA9.10 5 LTS Detergente Alcalino para Limpieza Automática de Hornos con Abrillantador Incorporado	24,00 €	8	192,00 €
q05045	RATIONAL PASTILLAS DETERGENTE ACTIVE GREEN CAJA 150 UDS	135,00 €	4	540,00 €
q05042	PASTILLAS RATIONAL CARE CLASSIC AZUL Y SELF COOKING BOTE 150 UNIDADES	120,00 €	4	480,00 €
q09025	LAVAVAJILLAS MANUAL ECOLÓGICO PROFESIONAL 750ML	1,00 €	100	100,00 €
q09026	LAVAVAJILLAS MANUAL ECOLÓGICO PROFESIONAL 5 LTS	4,80 €	108	518,40 €
j06003	GERMATOL DES DESINFECTANTE 5 LT. . Limpiador general desinfectante	10,00 €	11	110,00 €
q02003	DAMALIM MULTIUSOS 5 LTS. - Elimina fácilmente la suciedad todo tipo superficies	3,11 €	15	46,65 €
q03004	DAMALIM LIMPIADOR VINAGRE 1 LTO	0,59 €	40	23,60 €
b01171	b basura 30*40blando 5 lts galga 60 pat 75 bosas	1,88 €	27	50,63 €
b03314	SOPERA CON TAPA KRAFT 480 ML PAQ. 25 und	6,80€	54	367,20 €
B03437	ENVASE ALUMINIO RECT 980 ML 38MM 222X157 - paq. 100	12,00€	35	420,00 €
V06251	CHUBB PIEDRA BLANCA DE LIMPIEZA 500GR	3,99€	20	79,80 €
u01006	PIEDRA POMEZ -	0,80€	43	34,40 €



u06022	RASCADOR SAFETTI	2,65€	11	29,15€
q03011	LEJIA USO ALIMENTARIO 2 LTS.	0,89€	250	222,50€
q03013	DETERLEJIA 2 LTS. - Lejía con detergente	1,10€	370	407,00€
u09050	GUANTE SATINADO SUPER FOOD-VITAL 175 T. 6 - PEQUEÑA	0,77€	91	70,07€
u09051	GUANTE SATINADO SUPER FOOD-VITAL 175 T. 7 - MEDIANA	0,77€	185	142,45€
u09052	GUANTE SATINADO SUPER FOOD-VITAL 175 T. 8 - GRANDE	0,77€	192	147,84€
u09210	GUANTE NITRILO AZUL 3.50 100 UND T. PEQUEÑA	3,10€	86	266,60€
u09211	GUANTE NITRILO AZUL	3,10€	216	669,60€
u09212	GUANTE NITRILO AZUL 3.50 GR 100 UND T.grande	3,10€	86	266,60€
u09219	GUANTE NITRILO AZUL 3.50 GR 100 UND T. EXTRA GRANDE	3,10€	10	31,00€
u09105	GUANTE LATEX ULTRA SENSIBLE CON POLVO 100 UND T. PEQUEÑA 100 UND T. PEQUEÑA	3,20€	6	19,20€
u09106	GUANTE LATEX ULTRA SENSIBLE CON POLVO 100 UND. T. MEDIANA	3,2	6	19,20€
u09107	GUANTE LATEX ULTRA SENSIBLE CON POLVO 100 UND. T. GRANDE	3,20€	6	19,20€
u09108	GUANTE LATEX ULTRA SENSIBLE CON POLVO 100U T.EXTRAGRANDE	3,30€	6	19,80€
U09213	GUANTE VINILO SIN POLVO 100 UND T. PEQUEÑA	2,25€	6	13,50€
U09214	GUANTE VINILO SIN POLVO TRANSPARENTE 100 UND. T. MEDIANA	2,25€	6	13,50€
U09215	GUANTE VINILO SIN POLVO TRANSPARENTE 100 UND. T. GRANDE	2,25€	6	13,50€
U09208	GUANTE VINILO SIN POLVO TRANSPARENTE 100 UND. T. EXTRA GRANDE	2,25€	6	13,50€
U09208	GUANTE VINILO SIN POLVO TRANSPARENTE 100 UND. T. EXTRA GRANDE	2,25€	6	13,50€
B04012	PAPEL FILM ALIMENTARIO 45X300 eco	4,35€	151	656,85€
B04011	PAPEL FILM ALIMENTARIO 30X300 ECO	2,89€	16	46,24€
B04024	PAPEL DE HORNO EN ROLLO 40CM 100 MTS	8,08€	16	129,28€
B04049	PAPEL ALUMINIO CUATROGASA ANCHO 30 CM 13 MIC. 1.5 KG	10,00€	38	380,00€
C18200	ROLLO MANTEL DECORE 1,20X100 MTS	19,00€	55	1.045,00€
C02040	BOBINA INDUSTRIAL DAMACEL 3,15KG 3,50m fardo 2 UND	11,20€	1111	123,20€



C02009	BOBINA MECHA 166 MTS 2C CELULOSA TORK fardo 6 bobinas M2 (605514)	13,10€	200	2.620,00€
C05001	PAPEL CAMILLA 60X70 MTS 1C GOFRADO caja 6 bobinas	3,34	11	36,74€
IMPORTE TOTAL (SEN IVE)				12.773,60€
21% DE IVE				2.682,46€
TOTAL IVE ENGADIDO				15.456,06€

IRAGO EXCLUSIVAS Y DISTRIBUCIONES S.A. (A36027092):

Lote nº 3 PRODUCTOS DE LAVADO INDUSTRIAL

ARTIGO OFERTADO/MODELO/MARCA/ REFERENCIA	DESCRIPCIÓN DO ARTIGO	Unidades estimadas	PREZO UNITARIO (SEN IVE)	PREZO TOTAL (SEN IVE)
G3 DETERG. ATOMIZADO S/20	DETERG.ATOMIZADO POLVO	60	52,00€	3.120,00€
G3 DETER.ENZIMATICO B/20	DETERG. LIQUIDO LAVADORA	15	69,15€	1.037,25€
G3 DETERG. MONOCOMP.ENZIMA.B/20	DETERG. LIQUIDO LAVADORA	25	30,61€	765,25€
G3 SUAVIZANTE LIQ.B/20	SUAVIZANTE	60	40,00€	2.400,00€
ECOBRITE DESTAINER B/20	DESMANCHANTE LIQUIDO	50	29,50€	1.475,00€
STAINBLASTER MULTIPURPOSE 500 ML	QUITAMANCHAS	38	19,50€	741,00€
STAINBLASTER MULTIPURPOSE 500 ML	QUITAMANCHAS	23	19,50€	448,50€
KH7 MANCHAS 750 ML	QUITAMANCHAS	2	3,45€	6,90€
FERROQUIT 50 ML	QUITAMANCHAS	20	3,90€	78,00€
STAINBLASTER RUST REMOVER 500 ML	QUITAMANCHAS	20	20,68€	413,60€
NODETY 95 ML	QUITAMANCHAS	25	3,45€	86,25€
SACO RED 90X60 CM	SACOS DE RED	6	22,17€	133,02€
CIERRES DE SACO DE RED	CIERRE DE SACOS	8	9,90€	79,20€
IMPORTE TOTAL (SEN IVE)				10.783,97€
21% DE IVE				2.264,63€
TOTAL IVE ENGADIDO				13.048,60€

- Redución do prazo de entrada da subministración: 5 días hábiles.
- Porcentaxe de produto ecolóxicos ofertado: 15% < 20%.



O prazo de duración: 1 ano a contar desde a data de formalización do contrato. Con posibilidade de dúas prórrogas de un ano de duración.

O prazo de execución das subministracións: sete (7) días hábiles, incluída a tramitación do pedido.

Financiación: O importe do contrato financiarase de acordo coa seguinte distribución:

Anualidade	Lote	Meses	Aplicación orzamentaria	Importe (IVE incluído)
2026	Lote 1 Artigos e produtos de droguería, aseo persoal e limpeza non industrial	4 meses	2026/232.2312.221.10	11.711,60€
2027		8 meses	2027/232.2312.221.10	23.423,20€
2026	Lote 2 Produtos de lavado industrial para a cociña, cafetería e servizos complementarios	4 meses	2026/232.2312.221.10	5.152,02€
2027		8 meses	2027/232.2312.221.10	10.304,04€
2026	Lote 3 Produtos de lavado industrial para a lavandería	4 meses	2026/232.2312.221.10	4.349,53€
2027		8 meses	2027/232.2312.221.10	8.699,26€
			Total	50.590,86€

Os importes da anualidade 2027, quedarán condicionados a aprobación dos respectivos orzamentos e a existencia de crédito adecuado e suficiente nos mesmos.

A distribución dos importes por anualidades poderá sufrir variacións en función da data de adxudicación.

Forma de pagamento: parcial

O pagamento á empresa adxudicataria realizarase contra a presentación das correspondentes facturas mensuais, unha vez conformadas pola persoa responsable do contrato e sempre trala correspondente comprobación cos albarás.



A tales efectos, por cada pedido realizado dende o Centro Príncipe Felipe, entregárase o correspondente albará no que se identificará claramente o tipo e cantidade dos bens entregados.

Os albarás deberán ser selados e asinados pola persoa que reciba a mercadoría ou persoa responsable do pedido.

O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola adxudicataria ou adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, para os efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e número de expediente que se relacionan a continuación:

Administración:	L02000036 (CIF: P3600000H)		Núm. de exp.:	202505257	
Órgano xestor:		Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Se, xunto coa factura, a ou o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, farao achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

Responsable do contrato: Ana María Soto Prieto, xefa de xestión administrativa do Centro Príncipe Felipe.

2.- As empresas adxudicatarias deberán formalizar o contrato en documento administrativo, que se porá a súa disposición na sede electrónica da Deputación de Pontevedra unha vez transcorrido o prazo de quince días hábiles, contados desde que se remita a notificación deste acordo ás empresas licitadoras.



Os servizos dependentes do órgano de Contratación requiriranlle á empresa seleccionada para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días contando desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se interpuxese recurso que comporte a suspensión da formalización do contrato. De igual forma procederán cando o órgano competente para a resolución do recurso levantase a suspensión.

13.37544.- DAR CONTA DOS CONTRATOS MENORES ADXUDICADOS E DOS DATOS ESTATÍSTICOS DE CONTRATACIÓN CORRESPONDENTES AO SEGUNDO TRIMESTRE DO ANO 2026.
(Expte.2026029095)

A Deputación de Pontevedra, en cumprimento do disposto no artigo 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, ven publicando na sección de transparencia da súa páxina web desde o primeiro trimestre do ano 2015 a información relativa ós contratos menores adxudicados así como dos datos estatísticos sobre a porcentaxe en volume orzamentario dos contratos adxudicados a través de cada un dos procedementos previstos na lexislación de contratos do sector público segundo os datos existentes no seu Servizo de Contratación e Patrimonio.

Así mesmo, en cumprimento do disposto no art. 63.4 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público desde a entrada en vigor da referida norma publica no Perfil do Contratante a información relativa aos contratos menores adxudicados e a formalización de todos os contratos.

Á vista dos anteditos preceptos legais, o Servizo de Contratación e Patrimonio elaborou os informes: *“Contratos menores adxudicados no segundo trimestre de 2026”* e *“Datos estatísticos sobre a porcentaxe en volume orzamentario dos contratos adxudicados a través de cada un dos procedementos previstos na lexislación de contratos do sector público durante o segundo trimestre do ano 2026”* que se achegan no expediente.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Queda enterada do contido dos informes *“Contratos menores adxudicados no segundo trimestre de 2026”* (CSV: H3Q4XBKSIUDNPK3I) e *“Datos estatísticos sobre a porcentaxe en volume orzamentario dos contratos adxudicados a través de cada un dos procedementos previstos na lexislación de contratos do sector público durante o segundo trimestre do ano 2026”* (CSV: 7ROOH6TAKN51RME6L), de conformidade co disposto no artigo 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Segundo.- Ordena a súa publicación na sección de transparencia da páxina web da Institución Provincial.



14.37545.- APROBACIÓN DA SEGUNDA MODIFICACIÓN DO CONTRATO DO SERVIZO DE SOPORTE E MANTEMENTO INTEGRAL DOS SISTEMAS DE VIDEOVIXILANCIA, CONTRA A INTRUSIÓN E CONTROL DE ACCESOS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA. (Expte. 2024052159)

Por acordo da Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria na sesión do día 18 de outubro de 2024, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, do Servizo de soporte e mantemento integral dos sistemas de videovixilancia contra a intrusión e control de accesos da Deputación de Pontevedra.

Por acordo da Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria na sesión do día 20 de decembro de 2024, adxudicouse o procedemento aberto para a contratación do servizo de soporte e mantemento integral dos sistemas de videovixilancia contra a intrusión e control de accesos da Deputación de Pontevedra, á empresa SEGURIDAD DI-SEYS SL (B32149361) polo importe sen IVE de 63.500,00 €, 21% de IVE 13.335,00€, e importe total IVE engadido de 76.835,00€, para dous anos de contrato.

O contrato formalizouse en documento administrativo de data 20 de xaneiro de 2025, establecendo un prazo de duración de dous anos, e posibilidade de unha prórroga de dous anos de duración.

Por acordo da Xunta de Goberno de data 9 de xaneiro de 2026, aprobouse a primeira modificación do contrato do servizo de soporte e mantemento integral dos sistemas de videovixilancia, contra intrusión e control de accesos da Deputación de Pontevedra para a incorporación de novas instalacións e edificios ao sistema de videovixilancia que non estaban previstas no contrato inicial: o Convento de Santa Clara e a inclusión no sistema de videovixilancia do Edificio Administrativo e do Castelo de Soutomaior.

A modificación supuxo un incremento do prezo de 3.185,33€, polo que o contrato pasa a ter o seguinte prezo modificado: 66.132,50€, máis 13.887,82 €correspondente ao 21% de IVE, o que fai un total de 80.020,32€. Con data 28/01/2026 formalizouse a modificación, cun prazo máximo de duración ata o 20 de xaneiro de 2027.

Con data 20 de xullo do 2026, a xefa de servizo de Novas Tecnoloxías, coa conformidade do Deputado Delegado, propón a tramitación dunha segunda modificación no prevista no contrato para incorporar os edificios dos Museos (Edificio García Flórez e Castro Monteagudo), as novas oficinas provisionais do ORAL, a Estación Fitopatolóxica do Areeiro, Centro Príncipe Felipe e ampliación do servizo no Castelo de Soutomaior da Deputación de Pontevedra.



Os efectos económico-financeiros que puidera supor esta modificación, estímase en 1.402,29€ (1.158,92€, mais 243,37€ correspondentes ao IVE), xa que dependerá da data efectiva de inicio da prestación dos servizos.

Tendo en conta o informe do xefe do servizo de Contratación, conformado polo Secretario, co csv: 3BSWJ38CTBRKZIII, que conclúe o seguinte:

“Á vista dos antecedentes e fundamentos xurídicos expostos, e tomando como base o informe emitido polo Servizo de Novas Tecnoloxías, no que se xustifica a necesidade de incorporar ao contrato novas instalacións e sistemas de videovixilancia, control de accesos, conexión á Central Receptora de Alarmas e protección contra a intrusión, considérase acreditado que estas necesidades xurdiron con posterioridade á preparación e adxudicación do contrato e que non podían ser razoablemente previstas no momento da licitación.

A modificación proposta límitase ás prestacións estritamente indispensables para atender as novas necesidades descritas no citado informe, sen alterar a natureza global do contrato nin introducir condicións que puidesen ter afectado á selección dos licitadores ou á oferta adxudicada. Así mesmo, o seu importe, 1.158,92 euros, IVE excluído, representa un incremento do 1,82 %, que, acumulado coa modificación anterior, supón un 5,97 % do prezo inicial, porcentaxe inferior aos límites establecidos nos artigos 205 e 206 da LCSP.

En consecuencia, esta modificación pode cualificarse como unha modificación non prevista e non substancial, ao abeiro dos artigos 203 e 205.2.c) da LCSP, resultando obrigatoria para a empresa contratista por non superar, illada nin conxuntamente, o 20 % do prezo inicial do contrato, IVE excluído.

O prezo do contrato, unha vez incorporada a modificación, pasaría de 66.132,50 euros a 67.291,42 euros, IVE excluído, ascendendo a 81.422,62 euros, IVE incluído.

Polo exposto, infórmase favorablemente a modificación non prevista do contrato, condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente, á emisión dos informes preceptivos da Secretaría Xeral e da Intervención, ao reaxuste da garantía definitiva nos termos do artigo 109.3 da LCSP e á posterior aprobación polo órgano de contratación competente, así como á publicación da modificación no perfil de contratante conforme ao artigo 207 da LCSP”.

Considerando o disposto no artigo 206 LCSP, nos supostos de modificación do contrato recollidos no artigo 205, as modificacións acordadas polo órgano de contratación serán obrigatorias para os contratistas cando impliquen, illada ou conxuntamente, unha alteración da contía que non exceda do 20 por cento do prezo inicial do contrato, IVE excluído.



Neste caso concreto, a modificación proposta supón unha alteración dun 1,82% por cento, *que, acumulado coa modificación anterior, supón un 5,97 % do prezo inicial*, debendo de tratarse como obrigatoria por non exceder o umbral establecido.

Considerando o establecido nos artigos 191 e 207 da LCSP, deberá darse audiencia á contratista e publicarse o anuncio de modificación no perfil do contratante, no prazo de 5 días dende a aprobación da mesma.

A empresa adxudicataria do contrato SEGURIDAD DI-SEYS SL (B32149361), presenta por rexistro o 13 de xullo do 2026 (WEB2026057788) escrito no que manifesta a súa conformidade coa modificación, permanecendo vixente o prazo de execución e o resto de condicións das cláusulas do contrato.

Considerando o artigo 109.3 LCSP, a empresa adxudicataria deberá reaxustar a garantía para que garde a debida proporción co novo prezo modificado, no prazo de quince días contados desde a data en que se lle notifique o acordo de modificación.

Tendo en conta o informe favorable da Intervención, de data 06/08/2026 co csv: 18MRXC15I1JELVJA.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar a segunda modificación do contrato do servizo de soporte e mantemento integral dos sistemas de videovixilancia, contra intrusión e control de accesos da Deputación de Pontevedra, para a incorporación de novas instalacións e edificios ao sistema de videovixilancia que non se previron no contrato inicial:

- Centro Príncipe Felipe, novo control de accesos por matrícula.
- Novas oficinas provisionais do ORAL, conexión a Central Receptora de Alarmas, mantemento do sistema contra a intrusión e mantemento do circuíto pechado de televisión.
- Castelo de Soutomaior, novo control de accesos.
- Estación fitopatolóxica do Areeiro, novo control de accesos e sistema de videovixilancia.
- Museos Edificio García Flórez e Castro Monteagudo, conexión a Central Receptora de Alarmas e sistema contra intrusión.



A modificación supón un incremento no prezo de 1.402,29€ (1.158,92€, mais 243,37€ correspondentes ao 21% de IVE), polo que o contrato pasa a ter o seguinte prezo modificado:

Prezo modificado (sen IVE):	67.291,42€
21% de IVE	14.131,20€
Prezo modificado co IVE	81.422,62€

2.- Autorizar o gasto por importe de 1.402,29€ que financiaranse con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias, pero dependerá da data efectiva de inicio da prestación dos servizos, polo que será reaxustada no documento de formalización:

Aplicación Orzamentaria	Importe modificación IVE engadido
26/926.9260.227.23	1.248,61 €
27/926.9260.227.23 (20 días)	153,68 €
TOTAL co IVE	1.402,29€

O financiamento para o exercicio 2027 quedará condicionado á aprobación do orzamento provincial e a existencia de crédito adecuado e suficiente, na correspondente aplicación orzamentaria.

3.- Requerir á SEGURIDAD DI-SEYS SL (B32149361) para que, no prazo de quince días naturais, contados desde o día seguinte á notificación deste acordo, proceder a reaxustar a garantía definitiva constituída para este contrato para que garde a debida proporción co novo prezo modificado (a garantía pasará de ter un importe de 3.306,62 € a 3.364,57€ (= 3.306,62€+57,95€).



15.37546.- ADMISIÓN DA EMPRESA VENTA DE SOPORTES PUBLICITARIOS, S.L.U. (CIF: B50914985) NO SISTEMA DINÁMICO DE ADQUISICIÓN APROBADO PARA RACIONALIZAR A CONTRATACIÓN DAS SUBMINISTRACIÓNS DE PUBLICIDADE, MERCHANDISING E PREMIOS PARA AS ACTIVIDADES ORGANIZADAS POLA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA. (Expte. 2025013680)

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do día 13 de marzo de 2026, aprobou o expediente para implementar un Sistema Dinámico de Adquisición para a contratación das subministracións de publicidade, merchandising e premios para as actividades organizadas pola Deputación de Pontevedra.

O anuncio de licitación deste sistema enviouse ó Diario Oficial da Unión Europea con data 20 de marzo de 2026, sendo publicado o día 23 de marzo de 2026 (Número de publicación do anuncio 197830-2026; número da edición do DO S: 57/2026); así mesmo publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 23 de marzo de 2026, xunto cos pregos de cláusulas económico administrativas particulares, concedendo un prazo de 30 días naturais desde o envío á Oficina de publicacións da Unión Europea para a presentación inicial de solicitudes de adhesión, a través da Plataforma de Contratación do Sector Público.

Conforme ó prego, unha vez finalizado este prazo, comezará o de avaliación das candidaturas, no que a Mesa de Contratación seleccionará os licitadores en base ao cumprimento dos criterios establecidos nos pregos, sendo admitidos todos os solicitantes que cumpran cos criterios de capacidade e solvencia esixidos no prego.

Finalizada a avaliación confeccionarase a lista inicial de licitadores admitidos, aos que o órgano de contratación convidará a presentar oferta para a primeira contratación específica cando xurda a necesidade.

As empresas admitidas actualmente neste sistema dinámico son as seguintes:

Categoría I: Material de publicidade

1. Alma Mater, S.L. (CIF: B36837037)
2. Artes Gráficas Lumeira S.L.L. (CIF: B56318009)
3. Carmen Díaz Paricio (CIF: 02612089W)
4. Diseño y Publicidad del Sur S.L.U. (CIF: B23315278)
5. Ediciones y Producciones Empresariales, S.A.U. (CIF: A36751287)
6. Eurocebrían S.L. (CIF: B97199806)
7. Exclusivas Medina S.L. (CIF: B36785442)



8. Gallega de Publicidad y Merchandaising S.L. (CIF: B10822948)
9. Giveitaway S.L. (CIF: B55581482)
10. Grañeda, S.A. (CIF: A47213830)
11. Laduda Publicidad S.L. (CIF: B93521334)
12. Margarita Caeiro Paz (CIF: 44084253S)
13. Publiprinters Global S.L. (CIF: B23739493)
14. Serilua Merchandising S.L. (CIF: B70519988)
15. Seritec S.L. (CIF: B32008377)
16. Tu Agenda Comercial, S.L. (CIF: B70307152)

Categoría 2: Trofeos e medallas

1. Eurocebrian S.L. (CIF: B97199806)
2. Grañeda, S.A. (CIF: A47213830)
3. Imagination Azul S.L. (CIF: B37564002)
4. Seritec S.L. (CIF: B32008377)
5. Tu Agenda Comercial, S.L. (CIF: B70307152)
6. Fundi-Trof Sociedad Limitada (CIF: B02406452)

Ao tratarse dun Sistema Dinámico de Adquisición aberto durante todo o seu período de vixencia, as empresas interesadas poderán solicitar a súa admisión no sistema nos termos establecidos nos pregos. As novas solicitudes de participación serán avaliadas na primeira Mesa de Contratación que se celebre no mes seguinte á presentación da solicitude de participación.

Ao tratarse dun SDA no que as novas empresas poderán solicitar a súa inclusión no mesmo, así como darse de baixa, cando o teñan por convinte, as novas incorporacións ao sistema avaliaranse na primeira mesa de contratación que se celebre no mes seguinte á presentación da solicitude de participación.

Tendo en conta o anterior, a Mesa de Contratación, na reunión celebrada o día 6 de agosto de 2026, procedeu á avaliación da solicitude de participación presentada pola empresa Venta de Soportes Publicitarios, S.L.U. (CIF: B50914985), comprobando o cumprimento dos requisitos de capacidade e dos criterios de selección establecidos nos pregos que rexen o Sistema Dinámico de Adquisición.

Á vista da documentación presentada e do resultado da avaliación, a Mesa de Contratación acordou propoñer a admisión da citada empresa nas Categorias 1, "Material de publicidade", e 2, "Trofeos e medallas", ao ter acreditado o cumprimento dos requisitos establecidos nos pregos.



Considerando que o artigo 225.4 da LCSP sinala que os órganos de contratación informarán o antes posible á empresa que solicitou adherirse ao sistema dinámico de adquisición de si foi admitida ou non.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Admitir á empresa Venta de Soportes Publicitarios, S.L.U. (CIF: B50914985) nas Categorías 1, “Material de publicidade”, e 2, “Trofeos e medallas”, do Sistema Dinámico de Adquisición para a contratación das subministracións de publicidade, merchandising e premios para as actividades organizadas pola Deputación de Pontevedra, ao ter acreditado o cumprimento dos requisitos de capacidade e dos criterios de selección establecidos nos pregos que rexen o sistema.

A empresa admitida deberá formalizar o acordo de admisión ao sistema en documento administrativo, que se porá a súa disposición na sede electrónica da Deputación de Pontevedra unha vez transcorrido o prazo de quince días hábiles, contados desde que se remita a notificación deste acordo ás empresas licitadoras.

Os servizos dependentes do órgano de Contratación requiriranlle á empresa seleccionada para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días contando desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se interpuxese recurso que comporte a suspensión da formalización do contrato. De igual forma procederán cando o órgano competente para a resolución do recurso levántase a suspensión.

A data de comezo indicárase no documento de formalización. Establécese a posibilidade de tres prórrogas cunha duración máxima dunha anualidade cada unha delas.

Unha vez adoptado o presente acordo, a lista de licitadores admitidos neste Sistema Dinámico de Adquisición quedará integrada polas seguintes empresas:

Categoría 1: Material de publicidade

1. Alma Mater, S.L. (CIF: B36837037)
2. Artes Gráficas Lumeira S.L.L. (CIF: B56318009)
3. Carmen Díaz Paricio (CIF: 02612089W)
4. Diseño y Publicidad del Sur S.L.U. (CIF: B23315278)
5. Ediciones y Producciones Empresariales, S.A.U. (CIF: A36751287)



6. Eurocebrian S.L. (CIF: B97199806)
7. Exclusivas Medina S.L. (CIF: B36785442)
8. Gallega de Publicidad y Merchandaising S.L. (CIF: B10822948)
9. Giveitaway S.L. (CIF: B55581482)
10. Grañeda, S.A. (CIF: A47213830)
11. Laduda Publicidad S.L. (CIF: B93521334)
12. Margarita Caeiro Paz (CIF: 44084253S)
13. Publiprinters Global S.L. (CIF: B23739493)
14. Serilua Merchandising S.L. (CIF: B70519988)
15. Seritec S.L. (CIF: B32008377)
16. Tu Agenda Comercial, S.L. (CIF: B70307152)
17. Venta de Soportes Publicitarios, S.L.U. (CIF: B50914985)

Categoría 2: Trofeos e medallas

1. Eurocebrian S.L. (CIF: B97199806)
2. Grañeda, S.A. (CIF: A47213830)
3. Imagination Azul S.L. (CIF: B37564002)
4. Seritec S.L. (CIF: B32008377)
5. Tu Agenda Comercial, S.L. (CIF: B70307152)
6. Fundi-Trof Sociedad Limitada (CIF: B02406452)
7. Venta de Soportes Publicitarios, S.L.U. (CIF: B50914985)

16.37547.- APROBACIÓN DO PROXECTO DE EXECUCIÓN DA OBRA "MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA E.P. 2405 CERQUIDO-BUDIÑO, DENDE O P.Q. 0+000 AO P.Q. 1+220. CONCELLO DO PORRIÑO". (Expte. 2026044873)

Resultando.- Que de acordo coa Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local a prestación de servizos de carácter supramunicipal e supracomarcal é unha das competencias propias das deputacións. A salvagarda do servizo público viario e a mellora da seguridade viaria é o eixo principal das competencias da Deputación de Pontevedra en materia de infraestruturas e mobilidade.

Resultando.- Que o artigo 9.2 da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia (en diante LEG) establece que a administración titular da estrada é responsable do servizo público viario.



Resultando.- Que a rede provincial de estradas con aproximadamente 1.700 quilómetros de lonxitude total, atópase na estrutura viaria global por detrás das estradas de competencia estatal e da Xunta de Galicia.

Resultando.- Que a Corporación e a Xunta de Goberno provinciais, no marco do exercicio das súas competencias propias en relación coas infraestruturas e vías provinciais, coa planificación do territorio aprobaron varios instrumentos para a promoción dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS) e da Axenda 2030, tales como a Ordenanza de Seguridade Viaria, o Decálogo de Criterios de Actuacións nas Estradas Provinciais, o Plan Móvese, a Guía Básica de Espazos Públicos e Mobilidade Amable.

Resultando.- Que o servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, dentro dos seus obxectivos ten dar impulso a recuperación de espazos públicos, accesibilidade, mobilidade e seguridade viaria.

Resultando.- Que por este motivo, lévanse a cabo obras coa intención de aumentar a seguridade viaria en toda a rede de estradas provinciais, co fin de facer unha replanificación profunda e conceptual das actuacións en materia de mobilidade, con especial prioridade a protección dos colectivos con máis vulnerabilidade, peóns, ciclistas e persoas con mobilidade reducida.

Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra é titular da estrada provincial E.P. 2405 O Cerquido - Budiño, que transcorre polo Concello do Porriño e ten unha lonxitude de 2.383 m.

Resultando.- Que na actualidade, no treito comprendido entre o P.Q. 0+000 e o P.Q. 1+220 da E.P. 2405 O Cerquido-Budiño, non existen espazos adecuados para que as persoas se despracen de forma cómoda e segura, polo que é necesario realizar unha reestruturación do espazo público.

Resultando.- Que nesta liña de traballo, a Deputación de Pontevedra decide promover o proxecto de "Mellora da mobilidade peonil na E.P. 2405 Cerquido-Budiño, dende o P.Q. 0+000 ao P.Q. 1+220. Concello de O Porriño", no termo municipal do Porriño, redactado polo enxeñeiro D. Pablo Blanco Ferreiro, adscrito á empresa Estudio Técnico Gallego, S.A., cun orzamento base de licitación de 1.035.018,49 €, IVE engadido. A este proxecto asignóuselle o código CSV: NTUYZWT9PRZ6CWCC.

Resultando.- Que con data 26/12/2025 formalizouse entra a Deputación de Pontevedra e o Concello de Porriño convenio de colaboración para a execución do proxecto da obra "Mellora da mobilidade peonil na E.P. 2405 Cerquido-Budiño, dende o P.Q. 0+000 ao P.Q. 1+220", por un importe de 1.035.018,49 €.



Resultando.- Que recolle o citado convenio que as obras serán financiadas pola Deputación de Pontevedra e o Concello de Porriño, mediante a achega das seguintes cantidades:

Organismo	Achega	%
Deputación de Pontevedra	828.014,79 €	80
Concello de Porriño	207.003,70 €	20
TOTAL OBRAS	1.035.018,49 €	100

Resultando.- Que recolle tamén o convenio que lle corresponde á Deputación a redacción do proxecto técnico, así como a licitación, dirección, execución e recepción das obras.

Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación providencia da Deputada Delegada de Infraestruturas Públicas e Mobilidade, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o contrato de obras "Mellora da mobilidade peonil na E.P. 2405 Cerquido-Budiño, dende o P.Q. 0+000 ao P.Q. 1+220. Concello de O Porriño".

Resultando.- Que pola Intervención emitíronse os documentos RC número 12026000151804 e 12026000163489 por importes de 828.014,79 € e 207.003,70 € respectivamente, con cargo ás aplicacións orzamentarias 26/456.4530.612.02.2025 e 26/456.4530.612.02 do vixente orzamento provincial.

Resultando.- Que consta no expediente informe de fiscalización do proxecto favorable CSV: 7T47MS7KX3ILP9E0.

Resultando.- Que consta no expediente informe de supervisión do proxecto de data 10/11/2025 (CSV: PFBXWKSJGOJSTDJA6) emitido polo enxeñeiro adscrito ó Servizo de Infraestruturas D. Evaristo Juncal Froján, onde se fai constar que o proxecto cumpre coa normativa urbanística e a avaliación ambiental, advertindo que será necesaria a ocupación de terreos fóra de dominio público, contemplando o proxecto a consecución das parcelas mediante cesión.

Resultando.- Que se sinala a necesidade de ocupar un total de 3 parcelas cunha superficie total afectada de 36 m². Consta no expediente certificado do secretario do Concello do Porriño da posta a disposición da Deputación de Pontevedra de ditas parcelas (CSV: NNHSFTE6UIYBL0JU).

Considerando.- Que de conformidade co recollido no proxecto e segundo o sinalado no informe de supervisión, para a execución das obras son necesarias as seguintes autorizacións sectoriais que constan no expediente: Autorización da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural (CSV: NILLOMNBG3YSK939); Autorización da Demarcación de Estradas do Estado en Pontevedra (CSV: L22DUI9D0H1VAICG).



Considerando.- Que de acordo coa clasificación establecida no artigo 232 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP), as obras do presente proxecto inclúense no grupo "a) Obras de primeiro establecemento, reforma, restauración, rehabilitación ou gran reparación", ao tratarse dunha obra de mellora do trazado e da mobilidade peonil.

Considerando.- Que o artigo 231 da LCSP establece que: "...a adxudicación dun contrato de obras requirirá a previa elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto que definirá con precisión o obxecto do contrato. A aprobación do proxecto corresponderá ó órgano de contratación..."

Considerando.- Todo o recollido no Título I, Capítulo I, sección 1ª da LCSP, referente ás actuacións preparatorias do contrato de obras.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta ó Presidente para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras un valor estimado de douscentos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar o proxecto de execución da obra "Mellora da mobilidade peonil na E.P. 2405 Cerquido-Budiño, dende o P.Q. 0+000 ao P.Q. 1+220. Concello de O Porriño" redactado polo enxeñeiro D. Pablo Blanco Ferreiro, adscrito á empresa Estudio Técnico Gallego, S.A., cun orzamento base de licitación de 1.035.018,49 €, IVE engadido. A este proxecto asignóuselle o código CSV: NTUYZWT9PRZ6CWCC.

En relación coas autorizacións sectoriais concedidas, débense observar as condicións establecidas, prestando especial atención ao cumprimento dos prazos fixados pola Demarcación de Estradas do Estado en Galicia.



17.37548.- VALIDACIÓN DE EXPEDIENTES. (Exptes. 2026060686, 2026059975)

A) Vista a relación de operacións con número 2026060686 (CSV: 9U07L8MXLBWNXQXY), que contén 1 operacións por un importe de 760,00 euros, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican anulabilidade das obrigas, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario	1.000,00 €
IVE soportable deducible	0,00 €
Retencións	240,00 €
Total líquido.....	760,00 €

B) Vista a relación de operacións con número 2026059975 (CSV: ABP84FCOBBOEO9VA), que contén 2 operacións por un importe de 9.058,50 euros, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican anulabilidade das obrigas, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario	9.801,00 €
IVE soportable deducible	0,00 €
Retencións	742,50 €
Total líquido.....	9.058,50 €

18.37549.- VALIDACIÓN DA CERTIFICACIÓN FINAL DA OBRA “MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA EP 9302 XIL-AS COVAS-BARRANTES (CONCELLOS DE MEAÑO E RIBADUMIA)”.
(Expte.2024069327)

Resultando.- Que a Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria de data 21/03/2025 acordou adxudicar a empresa “MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, SL”, con NIF B36533537, a obra “Mellora da seguridade viaria na EP 9302 Xil-As Covas-Barrantes (Concellos de Meaño e Ribadumia”, por un importe de 1.136.031,94 € (IVE engadido) e un prazo de execución de SEIS (6) meses (CSV: 27QZOYE0FV7RJAS2).



Resultando.- Que en data 29/06/2026 a empresa adxudicataria achega polo rexistro electrónico desta Administración a Certificación FINAL da obra polo período comprendido entre o 28/04/2025 e o 28/03/2026, por importe de 110.445,54 € (CSV: IN34QFJ71QN2D0VZ).

Resultando.- Que remitida a citada certificación ao Servizo de Intervención para a súa fiscalización, este devólvea informada en data 31/07/2026 (CSV: VCHB5WPOQENFDLRX), facendo constar as seguintes observacións:

“As obras executáronse dende o 01 ao 28 de marzo e a súa recepción tivo lugar o día 22 de maio de 2026, incumprindo o prazo dun (1) mes desde a finalización desta establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público (LCSP) para a súa recepción (art. 210)”.

E concluíndo que “Visto o defecto sinalado, e dado que as unidades de obra que se certifican xa se executaron, procedería a aprobación desta seguindo o procedemento extraordinario de validación do gasto”.

Considerando o disposto no artigo 54 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administración públicas, relativo á validación de actos anulables.

Considerando que por Disposición Adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, no seu apartado 1, faculta á Ilmo. Presidente para actuar como órgano de contratación respecto deste contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185.1 e 3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais e o establecido nas bases de execución do vixente orzamento, concretamente na base 17.

Con base nos antecedentes precedentes, Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobación da validación da obriga de gasto relativa á certificación FINAL da obra “Mellora da seguridade viaria na EP 9302 Xil-As Covas-Barrantes (Concellos de Meaño e Ribadumia)”, polo importe bruto de 110.445,54 €, de conformidade co seguinte detalle:

Terceiro		MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, SL (NIF B 36 533 537)			
Aplicación orzamentaria		2026/456.4530.61201.2024			
Certificación n.º	Importe bruto	Descontos		Total descontos	TOTAL LÍQUIDO A PERCIBIR
		Taxa dirección de obra (4% PEM adx.)	Control de calidade (3% PEM licit.)		
FINAL	110.445,54 €	3.068,14 €	2.563,91 €	5.632,05 €	104.813,49 €



Segundo.- Aprobar a liquidación dos ingresos correspondentes practicándose a retención ou desconto sobre o importe bruto da certificación, segundo detalle referido no apartado anterior.

Terceiro.- Ordenar o pago polo importe líquido.

Cuarto.- Dar traslado da presente Resolución ao interesado.

19.37550.- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS. (Exptes. 2026061608, 2026059628)

A) Vista a relación de operacións con número 2026061608 (CSV: A6ZU6TP629ISBK56) que contén 1 operacións por un importe de 663,00 euros, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario	786,50 €
IVE soportable deducible	0,00 €
Retencións	123,50 €
Total líquido.....	663,00 €

B) Vista a relación de operacións con número 2026059628 (CSV: 90CIC9J91JJ99MB1) que contén 11 operacións por un importe de 62.087,73 euros, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario	62.481,60 €
IVE soportable deducible	23,88 €
Retencións	417,75 €
Total líquido.....	62.087,73 €



20.37551.- RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DAS CERTIFICACIÓNS 3 E 4 DA OBRA “SUBSTITUCIÓN DAS TUBAXES DE CLIMATIZACIÓN DA CUBERTA DO EDIFICIO CASTELAO DO MUSEO DE PONTEVEDRA”. (Exptes. 2026045944 / 2026045967)

Resultando.- Que mediante Resolución Presidencial número 20230004935 de data 16/06/2023 o Deputado Delegado de Réxime Interior, Economía Facenda e Oral, en virtude das competencias delegadas da Presidencia en materia de contratación adxudicou mediante procedemento aberto simplificado o contrato “Substitución das tubaxes de climatización da cuberta do Edificio Castelao do Museo de Pontevedra” á empresa BELENUS-NATUR, S.L.U., (B-70322011), por un importe de 91.121,66€ (IVE engadido) e un prazo de (2) dous meses de execución (CSV:MLPLYNSPWX5LS5NC).

Resultando.- Que en data 20/07/2023, asínase a acta de comprobación de replanteo, que verifica a realidade física e xeométrica da obra a executar, como determina o artigo 237 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, tras a comprobación da dispoñibilidade real dos terreos, a viabilidade do trazado e coincidencia das medicións co proxecto aprobado (neste caso memoria técnica).

Dado que na data de sinatura de dita acta non estaba aprobado o Documento de Xestión Preventiva por parte da Coordinadora de Seguridade e Saúde da obra, documento necesario para a apertura do centro de traballo segundo o Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, asínase á súa vez acta de paralización da execución das obras.

Resultando.- Que en data 04/09/2023, asínase entre o contratista e a directora de obra a acta de reinicio das obras, unha vez resoltas as causas que xustificaron a súa suspensión, establecendo como data de finalización o día 04/11/2023.

Resultando.- Que en data 25/10/2026 ten entrada por rexistro electrónico da Deputación escrito da empresa contratista solicitando unha ampliación do prazo na execución da citada obra, debido a: “Que tras o proceso de levantamento das lousas de pedra da cuberta, descubríronse amplas zonas da canle pola que discorren as tubaxes nas que aquela estaba colmatada con árido lixeiro mesturado con area e máis finos diversos, polo que a retirada destes materiais de xeito que non se danasen as tubaxes requiriu que se empregasen métodos extremadamente traballosos que se alongaron durante moito máis tempo do inicialmente previsto”.

Resultando.- Que en data 25/10/2026 ten entrada por rexistro electrónico da Deputación escrito da empresa contratista solicitando unha ampliación do prazo na execución da citada obra, debido a: “Que tras o proceso de levantamento das lousas de pedra da cuberta, descubríronse amplas zonas da canle pola que discorren as tubaxes nas que aquela estaba colmatada con árido lixeiro mesturado



con area e máis finos diversos, polo que a retirada destes materiais de xeito que non se danasen as tubaxes requiriu que se empregasen métodos extremadamente traballosos que se alongaron durante moito máis tempo do inicialmente previsto". Dita solicitude considérase xustificada, concedéndose a ampliación do prazo de execución de UN (1) MES mediante Resolución Presidencial con nº RP2023008234, do 03/11/2023, establecendo como data para finalizar a obra o día 04/12/2023.

Resultando.- Que con data 17/11/2023, asínase acta de paralización de obras tras atoparse durante a execución da obra con dificultades técnicas que non se podían prever na fase de proxecto, derivando na necesidade de introducir modificacións na memoria técnica inicial para garantir a correcta execución das obras, a funcionalidade das instalacións e a durabilidade do sistema da cuberta. A suspensión da execución da obra recóllese na Resolución Presidencial nº RP2023009196, de data 30/11/2023.

Resultando.- Que con data 06/11/2024 foi aprobada por Resolución Presidencial nº RP2024008565 a memoria técnica modificada, e con data 19/12/2024 solicítase ao Concello de Pontevedra a modificación de licenza urbanística (Expediente 2024/LUOBRAS/000297) e a prórroga do prazo de finalización establecido, recibindo a concesión de dita modificación con data 12/06/2025.

Resultando.- Que consta no expediente de contratación informe aclaratorio sobre a data efectiva de reinicio dos traballos (CSV:AJKL4G82UZH3XBZ), considerando como día de inicio o 02/03/2026.

Resultando.- Que consta no expediente de contratación informe da Dirección facultativa (CSV:GGPIL3YF9TZCGDGT) no que se explica a evolución dos traballos e dificultades detectadas que demoraron o prazo de execución, así como as consideracións e medidas oportunas con respecto á continuación dos traballos.

Resultando.- Que remitida a Intervención a solicitude de fiscalización da certificación núm. 3, esta devólvea informada en data 15/07/2026 (CSV:RQVWAUB080439ZJF) concluíndo que "Dado que a certificación comprende unidades de obra que están executadas fóra do prazo fixado para elo, sen que o mesmo fose ampliado, ou se fixase un novo prazo final para a terminación da obra, a aprobación da certificación debe realizarse polo procedemento extraordinario de recoñecemento extraxudicial de crédito", e facendo as seguintes observacións:

Consta no expediente un informe aclaratorio da directora da obra no que explica que a data real do reinicio das obras é o 2 de marzo de 2026 pero non a aprobación de dita ampliación polo órgano de contratación. Ao non existir dita aprobación formal os prazos seguiron correndo desde a acta de reinicio do 12 de decembro de 2025, situando a obra formalmente fóra de prazo, xa que toda alteración ou prórroga debe ser expresamente aprobada polo órgano de contratación.



Obsérvase unha demora na expedición da certificación, xa que non cumpriu o prazo dos 10 días seguintes ao mes que corresponde (art. 240 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público).

Resultando.- Que remitida a Intervención a solicitude de fiscalización da certificación núm. 4, esta devólvea informada en data 15/07/2026 (CSV:L00BBNCPWB9HMLMT) concluíndo que “Dado que a certificación comprende unidades de obra que están executadas fóra do prazo fixado para elo, sen que o mesmo fose ampliado, ou se fixase un novo prazo final para a terminación da obra, a aprobación da certificación debe realizarse polo procedemento extraordinario de recoñecemento extraxudicial de crédito”, e facendo as mesmas observacións que no caso anterior (certificación nº3).

Considerando que por disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público, no seu apartado 1, faculta a Ilmo. Presidente para actuar como órgano de contratación respecto deste contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185.1 e 3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais e o establecido nas bases de execución do presuposto do exercicio 2026, concretamente na base 17.1, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Autorizar o recoñecemento extraxudicial da obriga de gasto relativa á certificación núm. 3 da obra “Substitución das tubaxes de climatización da cuberta do Edificio Castelao do Museo de Pontevedra”, polo importe bruto de 20.451,20€, de conformidade co seguinte detalle:

Terceiro	Aplicación orzamentaria	Importe
BELENUS-NATUR, S.L.U. (B-70322011)	26/333.3330.632.03.2023	20.451,20€
		Descontos
Taxa dirección de obra (4% PEM adx.)		568,13 €
Control de calidade (3% PEM licit.)		477,64 €
Total descontos		1.045,77 €
TOTAL LÍQUIDO A PERCIBIR		19.405,43 €



Segundo.- Autorizar o recoñecemento extraxudicial da obriga de gasto relativa á certificación núm. 4 da obra "Substitución das tubaxes de climatización da cuberta do Edificio Castelao do Museo de Pontevedra", polo importe bruto de 25.989,40 €, de conformidade co seguinte detalle:

Terceiro	Aplicación orzamentaria	Importe
BELENUS-NATUR, S.L.U. (B-70322011)	26/333.3330.632.03.2023	25.989,40€
Descontos		
Taxa dirección de obra (4% PEM adx.)		721,98 €
Control de calidade (3% PEM licit.)		606,98 €
Total descontos		1.328,96€
TOTAL LÍQUIDO A PERCIBIR		24.660,44 €

Segundo.- Aprobar a liquidación dos ingresos correspondentes, practicándose as retencións ou descontos sobre os importes brutos das certificacións indicadas, segundo detalles referidos nos apartados anteriores.

Terceiro.- Ordenar os pagos polos importes líquidos.

Cuarto.- Dar traslado da presente Resolución ao interesado.

21.37552.- RECTIFICACIÓN DE ERRO DE TRANSCRICIÓN NA DENOMINACIÓN DO INVESTIMENTO NO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO NÚM. 6.37431, DE 24/07/2026, POLO QUE SE CONCEDE UNHA SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE CAMPO LAMEIRO CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO "MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA DO PAVILLÓN DE DEPORTES", INCLUÍDO NO III PLAN EXTRAORDINARIO DE INFRAESTRUTURAS DEPORTIVAS (III PEID). (Expte.2026000663)

En data 24/07/2026, mediante acordo da Xunta de Goberno núm. 6.37431, concedeuse ao Concello de Campo Lameiro unha subvención, por importe de 85.670,70 €, co obxecto do financiamento da obra "Mellora da eficiencia enerxética do pavillón de deportes municipal", en base a un orzamento de 207.657,38€ dos 195.345,67€ son de execución de obra, 6.566,25€ son de redacción proxecto, 4.924,68€ de dirección de obra e 820,78€ de seguridade e saúde e 121.996,68 € de achega municipal. Resultando que na parte dos antecedentes deslízouse un erro de feito ao transcribir erroneamente o importe da achega municipal do investimento para cuxa execución concédese a subvención ao abeiro do III Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas (III PEID).

Considerando o disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2025, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas que establece que as Administracións Públicas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou por instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.



Vista toda a documentación que obra no expediente núm. 2026000663; de conformidade cos artigos 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1ª RECTIFICAR o erro de feito detectado na transcripción da denominación do investimento na parte resolutiva do acordo núm. 6.37431, de 24/07/2026, do modo seguinte:

Onde di:

CONCEDER ao Concello de O Campo Lameiro, CIF P3600700C a cantidade de 85.670,70 € con destino ao financiamento do investimento Mellora da eficiencia enerxética do pavillón de deportes municipal" ao abeiro do III Plan extraordinario de infraestruturas deportivas, cun orzamento de 207.657,38€ dos 195.345,67€ son de execución de obra, 6.566,25€ son de redacción proxecto, 4.924,68€ de dirección de obra e 820,78€ de seguridade e saúde e 85.670,70 € de achega (...)

Debe dicir:

CONCEDER ao Concello de O Campo Lameiro, CIF P3600700C a cantidade de 85.670,70 € con destino ao financiamento do investimento Mellora da eficiencia enerxética do pavillón de deportes municipal" ao abeiro do III Plan extraordinario de infraestruturas deportivas, cun orzamento de 207.657,38€ dos 195.345,67€ son de execución de obra, 6.566,25€ son de redacción proxecto, 4.924,68€ de dirección de obra e 820,78€ de seguridade e saúde e 121.996,68 € de achega (...)

O resto do texto do acordo da Xunta de Goberno núm. 6.37431, de 24/07/2026 permanece invariable.

2º DAR TRASLADO do presente acordo ao Concello de O Campo Lameiro, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.

22.37553.- DESESTIMACIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN PRESENTADO POLA ASOCIACIÓN CULTURAL ABELLA PRODUCIÓNS FRONTE AO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DO 6 DE XULLO DE 2026 POLO QUE SE DESESTIMA A SÚA SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA O PROXECTO "NAS ONDAS GALEGAS IV-FRONTIERAS SONORAS". (Expte.2026021778)

Dada conta do recurso de reposición interposto por don Juan de Castro García, en representación da Asociación Cultural Abella Producións, fronte ao acordo da Xunta de Goberno, de 6 de xullo de 2026, polo que se desestimou a súa solicitude de subvención para o proxecto "Nas ondas galegas IV-Fronteiras Sonoras", no marco da convocatoria de subvencións dirixidas ás entidades culturais sen fins de lucro para as actividades de dinamización da lingua galega do ano 2026.



Visto o informe do Xefe do Servizo de Normalización Lingüística e Servizos Lingüísticos, de data 7 de agosto de 2026, que é do seguinte teor literal:

“...ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro. No Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 31, de 16 de febreiro de 2026, publícanse as Bases de subvencións dirixidas ás entidades culturais sen fins de lucro para as actividades de dinamización da lingua galega do ano 2026, aprobadas pola Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria do 6 de febreiro de 2026.

Segundo. O 16 de marzo de 2026, con número de rexistro WEB2026020197, a Asociación Cultural Abella Producións solicita unha subvención ao abeiro da devandita convocatoria, por importe de 3.525,00 euros, para levar a cabo o proxecto “Nas ondas galegas IV-Fronteiras Sonoras”, xunto coa memoria explicativa do proxecto.

Terceiro. O 7 de xullo de 2026 notifícaselle á citada entidade o acordo da Xunta de Goberno do 6 de xullo de 2026 polo que se desestimaba a súa solicitude de subvención para o proxecto “Nas ondas galegas IV-Fronteiras Sonoras” polo seguinte motivo:

Incumprir o establecido na base sétima. Actividades non subvencionables: os proxectos de creación artística nos ámbitos audiovisual, musical, dos podcast, dos videoxogos e da banda deseñada, especialmente dirixidos á infancia e á mocidade, e as actividades nas que as súas publicacións e edicións non se fagan integramente en galego, conforme á nosa norma oficial.

Cuarto. O 29 de xullo de 2026, con número de rexistro WEB20265061471, a Asociación Cultural Abella Producións presenta no Rexistro Xeral da Deputación de Pontevedra recurso de reposición contra a desestimación da solicitude de subvención para o proxecto “Nas ondas galegas IV-Fronteiras Sonoras”, no que alegan unha serie de cuestións que serán tratadas nos fundamentos xurídicos deste informe.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. O recurso de reposición é interposto no tempo e na forma por Juan de Castro García, representante da Asociación Cultural Abella Producións, persoa lexitimada para iso como interesada no procedemento.

Segundo. De acordo co establecido nos artigos 123.1 e 124.1 da LPACAP, os actos administrativos que lle poñan fin á vía administrativa poderán ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditase.



No presente expediente, o recurso de reposición interponse pola Asociación Cultural Abella Producións fronte ao acordo da Xunta de Goberno do 6 de xullo de 2026 polo que se desestimaba a súa solicitude de subvención para o proxecto "Nas ondas galegas IV-Fronteiras Sonoras".

Terceira. O recurso de reposición baséase nos seguintes argumentos:

(...)

PRIMEIRA. O motivo de denegación non se corresponde coa realidade do proxecto presentado. A resolución impugnada fundamenta a desestimación no incumprimento da base sétima da convocatoria, que declara non subvencionables "os proxectos de creación artística nos ámbitos audiovisual, musical, dos pódcast, dos videoxogos e da banda deseñada, especialmente dirixidos á infancia e á mocidade", por unha banda, "e as actividades nas que as súas publicacións e edicións non se fagan integramente en galego, conforme á nosa norma oficial", pola outra.

Trátase, polo tanto, de dous supostos de exclusión diferenciados e cumulativos na súa redacción, que cómpre analizar por separado, xa que ningún dos dous resulta de aplicación ao proxecto "Nas Ondas Galegas IV – Fronteiras Sonoras":

Sobre a exclusión de actividades "nas que as súas publicacións e edicións non se fagan integramente en galego".

A memoria do proxecto establece de forma explícita e reiterada que o idioma de produción é o galego: "Idioma: Galego" (punto 5.3, Metodoloxía); "presentación e narración exclusiva en galego" (punto 7); "produto audiovisual dixital producido integramente en lingua galega" (punto 7). Os cinco episodios da Tempada IV serán gravados, guionizados, narrados e editados integramente en galego, sen que en ningún momento se prevexa a produción de contido en portugués nin en ningunha outra lingua.

O que o proxecto fai é tratar, como TEMA de análise sociocultural, a fronteira lingüística e cultural entre o galego e o portugués, e as relacións históricas entre ambas linguas e a diáspora galega en territorios lusófonos. Mencionar ou analizar o portugués como obxecto de estudo dentro dun contido producido en galego non equivale, en ningún caso, a que "as súas publicacións e edicións non se fagan integramente en galego": unha cousa é a lingua VEHICULAR na que se produce e se difunde o podcast (o galego, na súa totalidade) e outra ben distinta é o obxecto de reflexión ou o contido temático tratado nesa lingua (as relacións galego-portuguesas). Confundir ambos planos supón unha interpretación da base sétima que non se corresponde co seu tenor literal nin coa súa finalidade, que é garantir que o produto subvencionado sirva realmente á dinamización do galego, cousa que este proxecto cumpre sobradamente ao empregar exclusivamente esta lingua en toda a súa produción.



SEGUNDA. A conexión do galego coa lusofonía e co portugués forma parte esencial da política oficial de normalización lingüística da Xunta de Galicia.

Resulta especialmente relevante para este recurso que a propia Administración galega recoñece e promove activamente a proxección do galego cara ao espazo lusófono e a súa proximidade co portugués como un dos eixos centrais da política de normalización lingüística.

Así o recolle a Proposta de actualización do Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega (PXNLG-2026), elaborada pola Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude da Xunta de Galicia, que dedica un sector específico e completo — o Sector 8: "Galego exterior, lusofonía e proxección exterior" — a artellar obxectivos e medidas orientadas precisamente a reforzar os vínculos entre o galego e o espazo lusófono. Entre os seis obxectivos xerais do propio PXNLG-2026 figura expresamente o obxectivo de "Recoñecemento exterior": "Que o galego sexa coñecido e recoñecido como a lingua propia e natural de Galicia", sinalando o propio documento que "é tamén fundamental que o galego sexa coñecido e recoñecido como a lingua propia de Galicia pola comunidade internacional".

Se a propia Xunta de Galicia considera que a proxección exterior do galego e a súa relación coa lusofonía —da que o portugués é a lingua principal— constitúen un obxectivo estratéxico da normalización lingüística, resulta contraditorio e carente de fundamento que a Deputación de Pontevedra denegue unha subvención de dinamización lingüística precisamente por abordar, en galego, esa mesma relación galego-portuguesa. Un proxecto como "Nas Ondas Galegas IV – Fronteiras Sonoras", que analiza en lingua galega a historia compartida do galego-portugués, a diáspora galega en Portugal e Brasil, e as sinerxías musicais entre ambas beiras da Raia, non contradí a normativa de dinamización lingüística: encarna, precisamente, un dos seus obxectivos centrais recoñecidos ao máis alto nivel institucional.

TERCEIRA. Insuficiente motivación da resolución impugnada.

A resolución impugnada limítase a citar de forma xenérica e conxunta o texto da base sétima, sen concretar cal dos dous supostos de exclusión se considera incumplido, nin razoar en que elementos concretos da memoria presentada se basea esa apreciación. Esta falta de motivación específica e individualizada resulta especialmente gravosa cando, como neste caso, o proxecto contén referencias explícitas e reiteradas ao seu carácter integramente galego (idioma de produción, narración e edición), que a resolución nin cita nin rebate.

De acordo cos artigos 35.1.a) e 88.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, os actos administrativos que limiten dereitos subxectivos ou intereses lexítimos deben ser motivados, con sucinta referencia aos feitos e fundamentos de dereito que se tiveron en conta. A motivación xenérica e estereotipada, sen individualización das razóns concretas polas que se aprecia o incumplimento



*nun proxecto determinado, non satisfai esta esixencia legal e debe determinar a anulación do acto ou, cando menos, a súa revisión á luz das alegacións aquí formuladas.
(...)*

Cuarto. Analizados en detalle os argumentos expostos no recurso, adiantamos que a pretensión da recorrente non pode ser acollida polos seguintes motivos:

PRIMEIRA. O motivo de denegación non se corresponde coa realidade do proxecto presentado. A entidade afirma no seu recurso que o proxecto “Nas ondas galegas IV-Fronteiras Sonoras” se produce, narra e edita integramente en lingua galega, sostendo que a única presenza do portugués corresponde ás pezas musicais difundidas durante o programa.

Porén, esta afirmación non resulta conforme coa descrición pública que a propia entidade realiza do proxecto na súa páxina web oficial (<https://nasondasgalegas.abella.gal/>).

Así, a Asociación Cultural Abella Producións presenta Nas Ondas Galegas como un pódcast que realiza “un percorrido pola historia da música galega e brasileira”, indicando expresamente que está “dirixido aos melómanos da nosa influencia lusófona” e que é “presentado en galego e portugués polo noso equipo”.

Así mesmo, sinala que “os programas están presentados en galego e portugués” e que “as conversas e a análise do contexto das pezas musicais faranse tanto en galego coma en portugués”, definindo como finalidade do proxecto crear un espazo de encontro entre a música galega, portuguesa e brasileira dentro da comunidade lusófona.

Estas manifestacións, efectuadas pola propia entidade promotora para definir o alcance e o contido do proxecto, evidencian que o emprego do portugués non constitúe un elemento accesorio nin se limita á reprodución de determinadas pezas musicais, senón que forma parte da estrutura e do desenvolvemento do propio programa, da súa presentación, da condución e da análise dos contidos.

En consecuencia, non pode compartirse a afirmación contida no recurso de que o proxecto se desenvolve integramente en galego conforme á norma oficial, pois é a propia entidade quen manifesta publicamente que o pódcast se presenta e desenvolve tanto en galego como en portugués.

Esta circunstancia resulta incompatible co disposto na base sexta da convocatoria, na que se establece expresamente que “calquera escrito, publicación, comunicación ou programa deberá seguir as normas da Real Academia Galega e non se admitirán textos noutras variantes



normativas”, así como coa base sétima, na que se exclúen expresamente “as actividades nas que as súas publicacións e edicións non se fagan integramente en galego, conforme á nosa norma oficial”.

Debe lembrarse, ademais, que a finalidade da presente convocatoria, recollida nas bases primeira e segunda, é promover a dinamización da lingua galega mediante actuacións orientadas a incrementar o seu uso social conforme á súa norma oficial.

Aínda que a promoción das relacións entre o galego e a lusofonía constitúa unha iniciativa cultural plenamente lexítima e poida atopar encaixe noutras políticas públicas, esta convocatoria concreta delimita expresamente o seu ámbito de actuación e establece como requisito que os programas subvencionados se desenvolvan integramente en galego conforme á normativa oficial da Real Academia Galega.

As alegacións formuladas pola entidade recorrente entran, por tanto, en contradición coa descrición pública que ela mesma realiza do proxecto, polo que non poden desvirtuar a valoración efectuada pola Administración a partir do contido real da actividade presentada e da documentación incorporada ao expediente.

SEGUNDA. A conexión do galego coa lusofonía e co portugués forma parte esencial da política oficial de normalización lingüística da Xunta de Galicia.

A convocatoria que rexe o presente procedemento constitúe a norma específica aplicable á concesión destas subvencións. Así se establece expresamente na súa base vixésimo quinta, na que se determina que as axudas se rexerán polas propias bases reguladoras, pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, polo seu regulamento e pola Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra.

En consecuencia, a valoración das solicitudes debe realizarse exclusivamente conforme aos requisitos, condicións e limitacións establecidos nas bases da convocatoria, sen que poidan incorporarse criterios procedentes doutros instrumentos de planificación ou doutras políticas públicas alleas ao procedemento.

Ademais, a finalidade da presente convocatoria aparece claramente delimitada nas súas bases primeira e segunda, que orientan as axudas á dinamización da lingua galega mediante actuacións que favorezan o seu uso social conforme á normativa oficial. Esta finalidade concrétase na base sexta, ao establecer que calquera escrito, publicación, comunicación ou programa deberá seguir as normas da Real Academia Galega e que non se admitirán textos noutras variantes normativas, e complétase coa base sétima, que exclúe expresamente as actividades cuxas publicacións e edicións non se realicen integramente en galego conforme á nosa norma oficial.



En definitiva, a invocación do PXNLG-2026 non desvirtúa a aplicación das bases da convocatoria nin permite excepcionar os requisitos nelas establecidos, polo que non pode servir de fundamento para estimar o recurso interposto.

Terceira. Insuficiente motivación da resolución impugnada.

A entidade recorrente alega que a resolución impugnada carece de motivación suficiente ao limitarse a citar a base sétima das reguladoras da convocatoria, sen concretar cal dos supostos nela previstos determinou a denegación da subvención nin explicar os elementos concretos do proxecto que xustifican a aplicación da causa de exclusión.

Esta alegación non pode ser estimada.

O deber de motivación dos actos administrativos, conforme o establecido nos artigos 35.1.a e 88.3 da LPACAP, ten como finalidade que as persoas interesadas coñezan as razóns de feito e de dereito que fundamentan a decisión administrativa, posibilitando o exercicio efectivo do seu dereito de defensa. Non esixe, porén, unha exposición exhaustiva de todas as circunstancias concorrentes nin unha reprodución íntegra das actuacións realizadas no expediente, sendo suficiente unha motivación que permita identificar a causa determinante da decisión adoptada.

No presente caso, a resolución notificada á entidade identifica de maneira expresa a causa da denegación, facendo referencia á base sétima das reguladoras da convocatoria e reproducindo literalmente o apartado relativo aos proxectos de creación artística nos ámbitos audiovisual, musical, dos pódcast, dos videoxogos e da banda deseñada, así como ás actividades nas que as súas publicacións e edicións non se fagan integramente en galego conforme á nosa norma oficial.

Polo tanto, non existe unha remisión xenérica ou indeterminada a toda a base sétima, que contén diversas causas de exclusión, senón unha identificación concreta do apartado que fundamenta a decisión administrativa. A entidade recorrente puido coñecer o motivo polo que a súa solicitude foi desestimada e formular as alegacións que considerou oportunas, como efectivamente fixo mediante o presente recurso, no que combate precisamente a aplicación desa previsión das bases.

Debe sinalarse, ademais, que a motivación do acto administrativo debe analizarse en relación co conxunto do expediente e non unicamente atendendo á extensión literal da notificación. Neste sentido, a resolución adopta a decisión á vista da memoria presentada pola entidade, do contido do proxecto achegado e da documentación incorporada ao expediente administrativo, elementos que permiten apreciar a adecuación ou non da actividade ás condicións establecidas na convocatoria.



No presente caso, a causa de exclusión apreciada deriva do propio contido do proxecto presentado. A entidade define a iniciativa como un pódcast vinculado á difusión da música galega, portuguesa e brasileira, dirixido á comunidade lusófona, indicando expresamente que o programa é presentado en galego e portugués e que as conversas e a análise das pezas musicais se realizan en ambas as linguas. Estes elementos permiten fundamentar a aplicación das bases sexta e sétima da convocatoria, ao non tratarse dun programa desenvolvido integramente en galego conforme á norma oficial.

Así mesmo, non pode apreciarse existencia de indefensión material, xa que a propia argumentación do recurso evidencia que a entidade coñece a razón esencial da denegación e puido exercer plenamente o seu dereito de defensa, cuestionando tanto a interpretación das bases como a valoración realizada pola Administración.

En consecuencia, a resolución impugnada contén unha motivación suficiente, ao identificar a base reguladora aplicada e a causa determinante da exclusión, e permítelle á entidade interesada coñecer os fundamentos da decisión e formular as alegacións correspondentes, polo que procede desestimar o motivo de impugnación relativo á falta de motivación.

Quinto. De conformidade co disposto no artigo 123 da LPACAP, o órgano competente para a resolución do presente recurso será o mesmo que ditou o acto obxecto deste, é dicir, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra.

CONCLUSIÓN

Á vista dos antecedentes de feito mencionados e dos fundamentos xurídicos expostos, propónse a desestimación do recurso de reposición presentado por Juan de Castro García, en representación da Asociación Cultural Abella Producións, fronte ao acordo da Xunta de Goberno do 6 de xullo de 2026, polo que se desestimaba a súa solicitude de subvención para o proxecto “Nas ondas galegas IV-Fronteiras Sonoras”, nos termos expostos.

De acordo co disposto no artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma, tal e como acontece no presente expediente respecto do informe do Xefe do Servizo de Normalización Lingüística e Servizos Lingüísticos anteriormente transcrito cuxo contido se acepta na súa integridade.

Conforme ao sinalado no artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, o órgano competente para a resolución do presente recurso é a Xunta de Goberno.



Vistos os preceptos invocados e demais de xenérica e pertinente aplicación, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Prestar conformidade ao informe do Xefe do Servizo de Normalización Lingüística e Servizos Lingüísticos transcrito anteriormente e desestimar o recurso de reposición interposto por don Juan de Castro García, en representación da Asociación Cultural Abella Producións, fronte ao acordo da Xunta de Goberno, de 6 de xullo de 2026, polo que se desestimou a súa solicitude de subvención para o proxecto “Nas ondas galegas IV-Fronteiras Sonoras”, no marco da convocatoria de subvencións dirixidas ás entidades culturais sen fins de lucro para as actividades de dinamización da lingua galega do ano 2026.

23.37554.- COMUNICACIÓNS; non houbo.

24.37555.- FÓRA DA ORDE DO DÍA; non houbo.

25.37556.- ROGOS E PREGUNTAS; non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar polo Sr. Presidente, sendo as once horas e cero minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina o Ilmo. Sr. Presidente, comigo, o Secretario Acctal., que dou fe.

